

## sarria

A pasarela metálica da Ponte Ribeira xa está instalada e aberta ao tráfico rodado. **Pax. 3**

## paradela

Sometido a información pública o proxecto do parque eólico Paradela. **Pax. 14**

## láncara

Catalogado o castro achado na Pobra e documentan máis petróglifos. **Pax. 15**

## Samos

O albergue público convértese as fins de semana nunha escape room do Camiño. **Pax. 17**

## deportes

Entrevista a Vanesa Parada, que é presidenta e adestradora do Club Anca de patinaxe. **Pax. 22**

# Ábrese o calendario festivo da comarca



**sarria.** As festas de San Xoán contarán coas orquestras de máis renome

**o páramo.** Regresan as Feiras de Primavera do 10 ao 12 de xuño con concurso vacún

**paradela.** O tradicional San Isidro celebrarase o domingo 15 con mercado gandeiro

## Aprobados tras sete anos os orzamentos

Dende o ano 2015 Sarria non actualizaba os seus presupostos municipais por falta de acordo. **Pax. 3**

## En marcha a segunda edición de Actívate

Volven as actividades de turismo deportivo da Deputación por toda a provincia. **Pax. 10**

## Música afroamericana



Sarria acollerá no mes de agosto un novo festival deste tipo de música. **Pax. 2**

## Festival Terra Brava



O Incio recupera, tras dous anos de pausa, esta cita musical. **Pax.16**

## Vivas e Visibles



Celebran o 15 de maio unha nova edición da carreira en prol da muller. **Pax. 23**

## As Letras de Florencio Delgado

O autor homenaxeado no Día das Letras Galegas é un reflexo da cultura galega no século XX. **Pax. 13**

**Pack Familia**  
Internet  
Fibra Óptica 600Mbps  
2 liñas móbiles  
chamadas ilimitadas  
24Gb de Datos  
Teléfono Fixo  
Televisión  
**59.€**  
\*Engade mais liñas móbiles desde 6,90€

**Pack Económico**  
Internet  
Fibra Óptica 100Mbps  
1 liña móbil  
chamadas ilimitadas  
15Gb de Datos  
**35.€**  
\*Engade mais liñas móbiles desde 6,90€

**ITS SARRIA**  
C/ Calvo Sotelo 192, Baixo. 27610 Sarria (Lugo). Tel.: 982 093 000  
info@its.gal / facebook.com/ITSarria / @its.comunicacions / www.its.gal

Prezos finais con IVE incluído. Chamadas limitadas con uso razoable, máximo 3000 minutos ou 150 destinos distintos. O servizo de teléfono fixo inclúe 500 minutos de chamadas a fixos e 60 minutos a móbiles. pack TV inclúe 80 canais en aberto, pódense vincular ata 3 dispositivos e dispón de 60 horas de gravacións en 30 días. Alta gratis suxeita a permanencia de 12 meses. Se o cliente solicita a rescisión dos servizos ou se dá de baixa antes dos 12 meses de permanencia, terá unha penalización máxima por incumprimento de 120€ (IVE incluído).

# SARRIA

## Sarria acollerá un festival de música afroamericana

Sarria acollerá este verán un novo festival de música afroamericana, terá lugar desde o día 4 de agosto ata o 7 e, está organizado pola asociación Teixo e o Concello de Sarria. A música protagonista desta cita será do xénero blues, rhythm and blues, rock&roll e soul. Ademais, durante estes días tamén se levarán a cabo exposicións, baile, actividades infantís, conferencias, actividades gastronómicas, cine, etc.

Esta iniciativa co nome Sarria&Blues no Camiño nace despois de que o pasado agosto se celebrara unha homenaxe ao artista sarriao Matías Moreno.

A Feculera será o lugar onde se celebre a actividade central, o concerto principal levando o nome de Matías Moreno Experience isto servirá como mostra de respecto e admiración a aqueles viaxeiros que xa non están.

A celebración desta cita ten como obxectivo a súa consolidación e a posta en valor da Feculera, un lugar que o Concello quere reforzar como sitio de cultura e ocio da vila. Os organizadores da asociación Teixo afirmaron que este festival



encherán de vida toda a vila xa que tamén se levarán a cabo actividades no local social da Unión, na residencia de maiores, na rúa da música, no campo da feira, entre outros.

Aínda non hai bandas confirmadas, porén, Manuel L. Poy, da asociación afirmou que chegarán artistas internacionais e nacionais, dende Estados Unidos, Francia ata Madrid e Barcelona. Sen esquecer aos artistas sarriaos que son os que dan vida á vila durante todo o ano, polo que terán gran protagonismo nesta festividade.

## Os vehículos clásicos regresan o 5 de xuño



A praza da vila de Sarria e a sociedade A Unión serán o entorno elixido polo club Clásicos de Sarria para celebrar a segunda concentración de vehículos antigos. A primeira edición, no 2019 tivo unha gran acollida, participaron preto de 120 vehículos e, coa volta á normalidade, o grupo busca retomar a súa actividade celebrando o próximo 5 de xuño esta xuntanza. As inscricións para poder participar abriranse proximamente.

O club está a preparar na actualidade a ruta que realizarán os vehículos e os seus condutores, estase buscando que coñezan os lugares máis

emblemáticos da zona. Na primeira edición realizaron un roteiro de 40 quilómetros pola zona de Sarria, Sarnos e Láncara.

Xa en Sarria, os vehículos quedarán expostos na praza da Vila e A Unión, desta forma os veciños e curiosos poderán achegarse a desfrutar destes vehículos. Ademais, será no local da Unión onde se celebre unha comida de confraternidade onde haberá animación musical.

Ademais, o club está a organizar e preparar tamén un Rally de regularidade en Sarria, con vistas a poder celebralo no mes de xullo.

## O San Xoán contará con orquestras de renome no seu programa

Despois de confirmar o novo emprazamento que terán as festas patronais de Sarria, o San Xoán, fíxose público o programa desta festividade que terá como grandes protagonistas as orquestras de gran renome.

Ademais das orquestras, haberá actuacións do grupo de música folk Eoas e outras formacións e bandas locais, xa que Sarria conta con numerosas agrupacións de gran calidade.

As festas terán lugar os días 23 e 27 de xuño. Sendo o luns 27 o festivo local.

O novo emprazamento, a Rúa Castelao permitirá usar o campo de rugby que conta cunha maior capacidade, podendo albergar a máis xente nun espazo máis amplo. Esta nova localización da resposta as demandas de seguridade cidadá, xa que deste xeito, o acceso a centro de saúde permanecerá libre evitando os obstáculos aos vehículos de emerxencia. Ademais, esta nova localización permitirá concentrar todos os elementos da festa nun mesmo lugar, as barracas, as orquestras e os postos ambulantes.

Desta forma, as actuacións principais terán lugar no campo de rugby, xa que as súas dimensións permiten a instalación de grandes escenarios ou palcos acollendo, ao mesmo tempo, a maior número de persoas no público.

A orquestra Enigma abrirá as actuacións musicais o día 23, esta orquestra con orixes sarriás deixará paso, o 24 a Olympus e New York, o 25 será a quenda de Los Satélites, o 26 Panorama



e Los Players amenizarán a cita mentres que o 27 pecharase co Combo Dominicano. Geni Valcárcel afirmou que nesta cita falta a París de Noia debido a que os veciños puideron desfrutar desta orquestra o pasado mes de setembro.

A tradicional fogueira terá lugar no campo da feira e estará amenizada pola agrupación folk Eoas. Ademais, nese día ofrecerase queimada e estase a preparar algún espectáculo relacionado co lume.

A recuperación desta celebración supón a volta á normalidade tras dous anos de festas a medio gas. Estase a converter así na primeira gran celebración que organiza o goberno actual dende que chegou ao poder o pasado 2019.

A concelleira anima aos cidadáns a achegarse a Sarria que ademais forma parte do Camiño de Santiago e é unha oportunidade para coñecer a vila.

### PROGRAMA

- Día 23: Terá lugar o pregón, a continuación serán as actuacións de grupos locais. Mentres, no campo da feira a festa será amenizada polo grupo Eoas e no campo de rugby estará a orquestra Enigma.
- Día 24: Este día haberá misa e procesión. A banda de Sarria dará un concerto e pola noite as orquestras Olympus e New York.
- Día 25: Grupos locais e a orquestra Los Satélites amenizarán o día.
- Día 26: As actuacións musicais correrán a cargo de La Panorama e Los Players.
- Día 27: O Combo Dominicano despedirá as festas patronais.
- Durante todos os días as charangas e grupos folclóricos pasearán e tocarán polas rúas da vila.

## O documental 'A Poeta Analfabeta' proxectarase o día 21 na Unión

O filme *A poeta analfabeta*, sobre a escritora e activista Luz Fandiño, proxectarase este mes de maio en Vilalba, A Pobra do Brollón, Foz, Sarria e Chantada, dentro do Ciclo Mestre Mateo, promovido pola Academia Galega do Audiovisual e a Vicepresidencia da Deputación. Poderá verse en Sarria o sábado 21 de maio na Sociedade Recreativa La Unión a partir das 19.00 horas. Trátase da segunda proxección

programada neste circuito, que contempla a exhibición dos oito filmes finalistas dos Premios Mestre Mateo nas categorías de mellor longametraxe documental e mellor longametraxe de ficción, cunha proxección cada mes durante todo o ano. O documental, dirixido por Sonia Méndez e producido por Nati Juncal Portas, percorre a vida da poeta e activista Luz Fandiño, desde o seu nacemento en Santiago

de Compostela en 1931, ata o seu retorno á cidade en 1979, onde reside, despois de vivir a experiencia da emigración en Arxentina e Francia. Foi en Bos Aires onde empezou a ler e escribir en galego. Autora dos poemarios *Farangullíña de neve* (1998), *O pracer de envelhecer* (2014), e *Espiñas e pensamentos* (2016) a escritora é unha referente para as xeracións máis novas pola súa actitude rebelde e combativa.

# Aprobados tras sete anos os orzamentos para o ano 2022

Dende o ano 2015, Sarria non actualizaba os seus orzamentos. No mes de abril deuse a aprobación a través do voto de calidade do alcalde dun presuposto de 12,2 millóns de euros para este ano 2022. O goberno formado por Camiña Sarria e Galicia Sempre, liderado por Claudio Garrido aprobou as contas despois da abstención do PSOE, a ausencia dun edil do PP e grazas ao voto de calidade do rexedor.

En total obtiveron sete votos a favor dos membros do goberno e sete en contra, cinco do Partido Popular e dous do BNG ao ausentarse, Jesús Rodríguez, un dos ediles do PP. O PSOE decidiu absterse dando así luz verde aos orzamentos presentados. O goberno defendeu os orzamen-



tos como unhas contas que se centran e garanten nunha boa praxis dos servizos públicos. A oposición declarou que estas contas son unha hipoteca para o Concello xa que recolle un crédito dun valor de un millón de euros destinada a

inversións. Ademais, a oposición criticou que apenas houbo negociación para realizar os orzamentos e notan en falta investimentos na Relación de Postos de Traballo, en dotacións culturais e na Feculeira, entre outros.

# Aprobado o presuposto da residencia de maiores Nosa Señora do Carme

Os orzamentos da residencia de maiores Nosa Señora do Carme de Sarria para este ano 2022 serán de 1.346.332 euros. Foi o pasado luns cando se aprobaron as contas para este órgano municipal. Este orzamento inclúe como única fonte de ingreso as achegas dos residentes, isto suma un total de 1.004.500 euros, a cantidade restante será aportada polo Concello.

As ordenanzas fiscais polo uso da residencia non sufriron modificacións dende fai sete anos, cando se realizaron os últimos presupos-



tos. Os gastos que se prevén para esta residencia desmémbranse en 993.132 euros en salarios do persoal, 353.200 euros mantemento dos servizos, 130.000 euros en produtos de alimentación, material sanitario, limpeza e farmacéutico.

A intención do goberno é que a residencia deixe de ser dependente do Concello. Algo que se pode facer real despois de que a Deputación de Lugo aprobara unha moción do Partido Popular para integrar o xeriátrico na rede provincial.

# A pasarela metálica da Ponte Ribeira abre o paso



Despois de que fai pouco menos dunha semana a pasarela metálica provisional de Ponte Ribeira abriu para o paso dos peóns, agora, coa posta en marcha dos semáforos que regulan o tráfico rodado, entrou en servizo tamén para os vehículos.

A boa nova permite que oito anos despois os veciños de Sarria recuperen plenamente a mobilidade entre as dúas marxes do río. A pasarela foi construída polo concello, precisamente, para tratar de solventar o problema existente dende que a antiga ponte quedara cortada.

Tras solventar varios impedimentos, as obras comenzaron a principios de ano. A empresa adjudicataria da instalación desta

pasarela metálica foi Probisa, cun custe cercano aos 110.000 euros. A esta cifra hai que sumar os casi 20.000 euros adicados a acondicionar toda a contorna. Un gasto que o Concello de Sarria puido asumir e acometer gracias a unha axuda de 150.000 euros da Deputación de Lugo.

A pasarela consta dun único carril para os vehículos, regulando o tráfico para cada sentido uns semáforos, e unha parte peatonal separada dese carril por unha varamanda. A estrutura ten un carácter provisional mentres se rehabilita a Ponte Ribeira, un paso que forma parte das 10 pontes francas que se atopan no Camiño Francés desde Roncesvalles a Santiago.

**mybike Lugo**

**NUEVAS INSTALACIONES**

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras  
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138  
[www.my-bike.es](http://www.my-bike.es)

**MUEBLES CELEIRO**  
AMPLIAMOS EXPOSICIÓN DE DESCANSO

Ven, proba e encontra o teu descanso ideal.  
Ti es o teu mellor xuíz, diferentes firmezas para distintas necesidades.  
Dispoñemos de camas xeriátricas e sillóns elevables para os nosos maiores.  
Dormitorios de madeira, tapizados, forxa... colchóns, canapés, bases...  
Esperámoste!

**Celeiro**

# “A asociación aporta un espazo de liberdade á vila e aos artistas”

David Rodríguez López é tesoureiro no Buril e coordinador de eventos

A Asociación O Buril de Sarria organiza eventos e dinamiza a vida social e cultural da vila.

## Como naceu a Asociación?

Asociación nace cando un conxunto de amigos que temos un grupo de música buscábamos local de ensaio, e apareceu o local do Buril por medio en aluguer e, claro, quen se pode negar? Vimos que tiñamos que darlle outra dimensión de local social.

## Cales son os obxectivos da Asociación?

Como a maioría de asociacións temos varios obxectivos. Culturais: promoción da cultura de base e a creación independente, nos distintos campos do arte, música, teatro, danza, pintura, escultura, cine. Temos un apartado deportivo coa promoción de deportes minoritarios, como é a equipa de fútbol Gaélico mixto. E no apartado ecolóxico a parte de intentar contaminar o mínimo posible nas nosas actividades tivemos algunha charla de concienciación. E algunhas ocasións quedamos no club gastronómico e organizamos algunha comida entre os membros de este club.

## Que actividades ofreceades?

As actividades son as que vaian xurdindo no momento a petición de socios e fans. Agora mesmo temos unha ampla programación

de música en directo, temos pendentes varias proxeccións de películas documentais.

## Como se mantén viva unha Asociación destas características?

Tódalas asociacións que están vivas e non son unha estafa (que hai moita) mantéñense vivas porque a masa social quere que a asociación siga viva. O poder dunha asociación é directamente proporcional ao poder e implicación da súa masa social. Despois hai todo tipo de “chiringuitos” dependentes das institucións públicas que non fan case actividades e reciben miles e miles de euros en subvencións directas e opacas.

## En Sarria hai unha gran proliferación de bandas e asociacións musicais a que cre que se debe? Que lles diferencia das outras asociacións musicais da vila?

Por un lado é bo, porque indica que hai moita xente interesada na música, pero por outro demostra a pouca saída que ten un músico hoxe en día no mercado laboral.

## Que aporta a asociación a Sarria? Un espazo de liberdade.

## Como afectou ao Buril a covid19? E en relación aos socios?

O maior problema que tivemos nos foi o recorte de liberdades básicas acontecido, unha privación da liberdades individuais como nunca antes pensáramos que se ia

a dar, e menos en tempo de paz, e todo para que agora os positivos nin sequera estean de baixa. En relación aos socios ben, non tivemos casos por sorte.

## Que destacaríades da asociación? Considerades que hai algún punto negativo ou algo para mellorar? Como se organizan as actuacións quen se pon en contacto con quen?

Os grupos que queren vir a actuar no Buril pónense en contacto con nos a través do correo ou das redes sociais, mándannos unha mensaxe, vemos a viabilidade loxística da actuación, dispoñibilidade de datas e esas cousas e dámoslle para adiante. No Buril as negociacións son fáciles pois para todo o mundo é igual. Poñen unha entrada que se leva o grupo/organizador do evento e nós poñémolle o mantido e as instalacións.

## Cal foi o momento máis complicado da asociación?

Cando non se podía usar por imperativo legal, e a luz seguía pasando e a auga e lixo seguían pasando o seus recibos, e non se sabía nin se si, nin se non. Foron tempos difíciles.

## Ten algunha preferencia por algún tipo de música?

Eu persoalmente si, pero non cho vou dicir. A asociación non. No Buril todo o que sea underground, contracultural ou alternativo ten cabida. Aquí non escoitarás as cancións de moda, aquí so as cancións dos grupos que veñen por aquí que nos teñen cedidos os dereitos de difusión.

## Senten o apoio das administracións públicas?

Cero, e prefiro non entrar máis en detalle.

## Estase a notar a volta á normalidade?

Sartenazo Cerebral, un amigos do Buril fixeron e tocaron aquí un tema que o define perfecto. “la vieja y la nueva normalidad la mis-



ma mierda con distinto collar”.

## Como chegou a asociación?

Pois a asociación chega porque un mínimo de tres persoas fan unha reunión, redactan uns estatutos e lévanse á Xunta de Galicia para a súa ratificación. A parte de ser un dereito constitucional o dereito a asociación.

## Que principios motiva aos socios? O principio de Anarquía e apoio mutuo.

## Que beneficio ten ser socio da asociación?

Beneficio ningún máis traballo e máis responsabilidade.

## Que hai que facer para ser socio?

Para ser socio hai que colaborar activamente na asociación aportando traballo e medios de produción. Paralelamente temos a figura do fan. O fan colabora pero non ten poder de decisión nin responsabilidade organizativa.

## PRÓXIMOS EVENTOS

- Sábado 23 de abril: Doctor Snob
- Sábado 30 de abril: Correcaminos rock and roll
- Venres 6 de maio Ajjeb + Battosai
- Sábado 7 de maio: Silly sally + Materia muerta + Fire to the barn + Killin bananas
- Sábado 14 de maio: Balmog
- Luns 16 de maio: Improvisons
- Venres 20 de maio: Two step flow
- Sábado 21 de maio: Doen
- Sábado 28 de maio: Maskarpone + Liviao de Marrao + A cadela asasina
- Sábado 11 de xuño: Dresden

## A Unión amplía os seus fondos bibliotecarios



A Vicepresidencia da Deputación de Lugo colabora na ampliación da biblioteca da Sociedade Cultural e Recreativa A Unión de Sarria coa entrega de máis de setenta publicacións en galego.

Trátase de obras editadas polo Servizo de Publicacións e outras iniciativas editoriais coas que se colaborou desde a área de Cultura, na súa maioría obras de temática histórica, etnográfica, patrimonial, literaria ou artística, entre elas varias ligadas a Sarria e a comarca como o poemario “Tigres coma cabalos” de Xela Arias ou a antoloxía coa súa obra poética “Poesía Reunida. 1982-2004”, “Escolas Agrícolas na segunda metade do s. XX”, que recolle a traxectoria da Granxa Escola de Barreiros ou o volume “Formas tradicionais da cerámica popular. Samos”.

As publicacións súmanse así ao catálogo de títulos da biblioteca que a Sociedade Cultural e Recreativa A Unión ten na súa sede, para uso das persoas socias e tamén da veciñanza sarriá interesada na súa lectura ou consulta.

O deputado Efrén Castro explicou que “desde a Vicepresidencia da Deputación de Lugo se está a impulsar esta fórmula de colaboración con entidades e colectivos culturais para mellorar a difusión

das obras que se editan desde o Servizo de Publicacións e promover a lectura en galego” e sinalou que “o material cedido ampliará a biblioteca que á Unión ven conformando a partir das doazóns de persoas socias, nun dos lugares máis emblemáticos do edificio, a carón das galerías recentemente rehabilitadas”.

O responsable provincial aproveitou a visita para destacar “a traxectoria da Unión como referente cultural e social de Sarria e, especialmente, o traballo desenvolvido nos últimos anos na apertura do colectivo e da propia sede á veciñanza, colaborando con iniciativas doutros colectivos como o Esmoruga Fest, que ven de celebrarse, e acollendo tamén propostas culturais impulsadas desde as institucións”.

Precisamente, na Unión están a realizarse este ano as proxeccións do Ciclo Mestre Mateo, impulsado pola Academia Galega do Audiovisual coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que contempla a exhibición das oito longametraxes – documentais e de ficción – que foron finalistas dos premios audiovisuais. O vindeiro sábado, 23 de abril, ás 19:00 horas, proxectarase o documental “A virxe roxa”, de Marcos Nine.



## O Frei Luís de Granada foi rehabilitado polos problemas de fisuras

O Colexio CEIP Frei Luís de Granada, en Sarria, estreou esta semana as instalacións tras obras de rehabilitación integral acometidas neste centro con fondos da Xunta. Unha renovación total do centro tras os problemas de fisuras acontecidos nos últimos tempos.

A estabilidade estrutural do centro non se viu en ningún momento comprometida. Os distintos informes técnicos existentes sobre o edificio avalan a súa capacidade portante, o orixe do problema as luces dos vanos dos forxados, que xeraban movementos nos mesmos e ocasionaron a aparición de fisuras. As obras acometidas reforan a estrutura do colexio e minimizan estes movementos evitando a aparición de fendas.

A primeira parte da intervención centrouse no reforzo estrutural do centro. Para iso executouse un recrecido de capa de compresión de formigón estrutural, que se ancorou sobre capa de compresión existente.

Deste xeito mellórase o comportamento do forxado ao aumentar a zona de compresión do mesmo e diminúense as cargas permanen-

tes ao substituír a capa de recrecido e pavimento de terrazo por capa de compresión e pavimento de linóleo. Ademais, colocouse nova tabiquería con placas de fibra-xeso para diminuír as cargas sobre os forxados. Tamén se repararon as fendas do ximnasio e executouse unha soleira ventilada para minimizar os problemas de humidade deste espazo.

Por outra banda, acometéronse actuacións para a mellora da eficiencia do edificio, a través das que se acadou un aforro enerxético anual do 15%, tanto no referido ao consumo de enerxía primaria como ás emisións de CO<sup>2</sup>.

En concreto aplicouse sistema SATE (sistema illante de envolvente continua polo exterior) e mudáronse as fiestras por unhas novas de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisivo, incluíndo a instalación de persianas de aluminio con illante no interior. Así mesmo, substituíronse as luminarias por equipos de alta eficiencia enerxética e colocouse falso teito acústico, novas carpinterías interiores e pavimentos.

## Aprobada a moción sobre o arranxo das beirarrúas da rúa Matías López

O pasado xoves, Sarria celebrou o pleno ordinario que deixou como resultado a expulsión do portavoz do Grupo Popular, José Antonio García. Foi na quenda de rogos e preguntas despois de sumar tres apercibimentos de Claudio Garrido, o alcalde.

A expulsión tivo lugar despois de que unha concelleira do Partido Popular fixera unha pregunta sobre a poda dos árbores no Chanto e das obras de renovación do firme na Rúa Castela. O PP xa fixera constancia de que a poda comezara 21 días antes da adxudicación do contrato á empresa.

O rexedor afirmou que o grupo popular tiña a información, feito que o PP negou dicindo que era mentira, tras isto, recibiu o terceiro apercibimento e foi expulsado. O PP levou a pleno unha moción para o arranxo das beirarrúas da rúa Matías López que resultou aprobada. Tamén se aprobou a instalación dun paso elevado para peóns na vía do tren na zona de Requeixo por Adif.

## ‘Mulleres de Sarria’ chega aos colexios

O Concello proxecta en seis centros educativos da vila *Mulleres de Sarria*, un documental realizado por Coeduca, para promover a igualdade de xénero. A historia de Pilar, Belén, Carmen, Teresa, Rosario e Milagros, seis mulleres reais, veciñas de Sarria, que protagonizan o documental, puido verse o día 9 no instituto Gregorio Fernández e o colexio Frei Luís de Granada. O día 11 proxectouse no CEIP Antonio Fernández López de Oural e o IES Xograr Alfonso Gómez e o día 13 nos colexios de La Merced e La Asunción.



# VA VEIGUELA ABOGADOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES | DESPIDOS | ACCIDENTES LABORALES

1ª CONSULTA GRATUITA  
Llámanos: 982 228 606

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados | veiguela abogados

# “O meu referente é a miña avoa, que sempre me contaba historias”

César No, creador teatral, contacontos e narrador oral de Sarria

## Quen é Cesar No?

É unha pregunta complicada, describirse a un mesmo é difícil. Eu diría que César No é unha persoa entusiasta e inquieta.

## A que se dedica?

Actualmente son o responsable de marketing dunha empresa de implantes dentais de Sarria que traballamos a nivel nacional e internacional e nos meus ocios libres son creador teatral, contacontos e narrador oral.

## Como nace a súa vinculación coas historias?

Da miña avoa, é do Incio de Cabude. Dende que eu era pequeno ela sempre me estaba contando historias, contos, chistes e foi un pouco o que espertou o meu interese por todo o mundo literario, narrativo, creativo e artístico. Posteriormente, na miña adolescencia diría que o fun perdendo ata que anos despois volví a recuperalo renecendo en min un interese que xa non se vai ir.

## Ser contador de historias é un pasatempo ou é algo ao que lle gustaría dedicarse profesionalmente?

Realmente gústame e, por ese lado, podería dicirse que é como un pasatempo aínda que agora mesmo xa considero que me dedico profesionalmente á narración oral.

## Existe algún tipo de formación específica ou ser contador de historias é algo co que se nace? Pódese practicar e adestrar?

A formación sempre é un punto importante para todo na vida, temos que estar continuamente avanzando, formándonos e crecendo. É verdade que no mundo artístico ten que haber un punto que ven intrínseco nos seres humanos e cada un terá o seu que é o que fai que destaque. Eu teño unha tradición como narrador máis galega, máis vinculada ao mundo rural e, outro narrador, terá uns nexos e referentes diferentes aos meus e, non por iso será mellor ou peor, será diferente e gustará a outro tipo de público. Por iso, a formación é moi importante. Eu formeime en Vigo como director teatral e despois fixen un curso como narrador oral. Ese curso para min foi o punto de partida para comezar a contar historias a outras persoas. En todo na miña vida a formación é algo fundamental, estou constantemente intentando aprender e actualizar-me.

## Sarria tivo algo que ver na súa afección de contar historias?

Eu creo que tivo máis que ver o

Incio, Sarria tamén porque ao final creime na vila, excepto os anos que estudei fora. Toda a miña bagaxe, a miña educación provén de Sarria entón evidentemente de onde un é, é de onde veñen todos os referentes e impulsos para facerte, formarte ou interesarte por algo. Sen dúbida diría que a miña afección ven ligado á miña familia e a súa historia.

## As historias e contos que conta son obra súa?

Teño de todo. Teño historias que son versións que eu fago doutros contos. Teño unha historia do frautista de Hamelín ambientada nunha era tecnolóxica e é unha versión que construí eu. Tamén teño outra historia que parte do pito Cairo. Historia tal cal non teño ningunha, fago a miña propia versión e adapto a miña forma de contar. Habitualmente adapto a historia ao escenario, ao público, ao conto, ao que eu considero que se deber transmitir segundo o momento. Hai contos que se recoñecen facilmente e outros creados por min desde cero.

## Sarria ou o Incio inspira ou é escenario dalgunha das súas historias?

Si, teño algún conto que fala de Sarria que é un conto bastante coñecido O gato no árbore, eu ambiéntoo no parque do Chanto. Teño outros que localizo en Cabude. Gústame sobre todo que o público recoñeza os lugares onde se ambienta a historia. Normalmente, nas miñas actuacións eu preséntome, digo de onde son e convido aos asistentes a coñecer Sarria que é un lugar marabilloso. É habitual que alguén do público teña algunha vinculación con Sarria, xa sexa familiar, turística, etc.

## O ano pasado tivo lugar o I festival de contos e narración oral de Sarria, estase a organizar algo similar para este verán?

Si, estamos rematando de pensar. Creo que existe unha sinerxía positiva con outro festival de Sarria que se chama Sarria Sorrí que trae artistas nacionais e internacionais. Estou traballando tamén cunha empresa sarriá Etiqueta Negra coa que colaboro nalgúns proxectos. Eu creo que se vai vir algo bonito. A idea é que Narra Sarria continúe, creo que este ano temos un reto difícil, os primeiros anos son complicados porque a xente non sabe o que vai ver entón, tivemos pouco público pero fiel. Repetíase contada tras contada. Melloraremos algúns aspectos que na primeira edición frouxearon e creo que vai ser algo positivo. Todo o

que se faga é bo para a educación, a nivel social e a nivel de entretemento.

## Como foi a acollida desta actividade na súa primeira edición?

Foi moi boa, tivemos oito sesións de contos, grandes artistas e espectáculos que estaban con moi boa afluencia de público. Algo normal nunha primeira edición, algúns espazos que se escolleron non foron adecuados para o tempo, coincidíunos algún espectáculo as 12.30 do mediodía no Malecón pegando o sol, e, deses erros aprendemos e este ano será diferente. Creo que a acollida foi moi boa, a xente foise enterando, acudindo e respondendo ben. Os nenos e nenas que viñeron aos espectáculos infantís desfrutaron e os de adultos funcionaron ben tamén. Este ano temos que traballar por mellorar a asistencia.

## Sinte apoio dende a administración sarriá na súa carreira como contacontos?

Si, eu creo que o Concello mostra interese polos artistas locais. O ano pasado organizamos en Sarria o primeiro festival de narrativa oral, foi unha proposta que lle fixemos ao Concello e inmediatamente a levaron a cabo. Trouxemos artistas moi recoñecidos como Santi Prego que estivo nomeado aos Premios Goya como actor revelación, trouxemos a Cris de Caldas, Lorena Pinheiro, Ernesto Is, Nerea Brey e todo iso grazas ao Concello e ao apoio que nos deron no momento. Do mesmo xeito, aínda en Semana Santa conseguimos encher a casa da cultura para facer unha sesión de contos. Esta ía ter lugar no Nadal pero tívose que suspender pola covid, e, en todo momento sentín o apoio tanto do Concello como da xente e os veciños de Sarria.

## Cales son os seus referentes?

Pois o referente principal eu diría que é a miña avoa. Aínda que todos temos outros referentes como Campanari, Ana Carreira que é unha narradora excelente de Lugo, e foi tamén unha das profesionais que impartiu o curso co que me inicié ou Paula Carballreira e Raquel Queizás que me ensinaron a navegar no mundo dos contos.

## A que máis dedica o seu tempo libre? Cales son as súas afeccións?

Gústame moito practicar deporte, evidentemente ao ser director teatral, gústame moito acudir ao teatro e ver todo tipo de espectáculos. A lectura é algo que ultimamente practico menos, por falta de tempo, pero que tamén me



apaixona. Ademais de estar cos meus amigos e a miña familia no tempo que me queda.

## Como influíu a Covid na súa actividade?

Influíu en que estivemos bastante tempo parados. Porén, como é un mundo creativo aproveitamos ese “inpass” para continuar pensando, desenvolvendo novas facetas e formándonos. Para min a volta foi rara. A miña foi nunha biblioteca en Vigo e nun lugar no que antes había 50 nenos agora había 15 porque tiñan que ter unha distancia dun metro e medio, estar sentado, un escenario totalmente diferente. Os narradores temos que ter a capacidade de adaptarnos a estes cambios, cambian as formas de interactuar con eles e, pouco a pouco, estase volvendo a unha normalidade, habendo máis público. O máis difícil ao principio era o medo, a desconfianza, non só para os asistentes senón tamén para nós. Non estaba claro cal era o procedemento a seguir nin as medidas que había que tomar, non se sabía se nós tiñamos que levar máscara ou non, o peor sempre é a incerteza. Pese a todo, creo que o sector sacou músculo, se asociou, que non sempre é fácil, e que agora estase volvendo a unha normalidade moi positiva.

## Ten algún novo proxecto entre mans?

A nivel narración eu sigo creando diferentes espectáculos, con diferentes contos para diferentes públicos. Estamos traballando no Narra Sarria e temos entre mans un par de proxectos con esta outra empresa que de momento non podemos anunciar pero que

van a ser a nivel galego e fóra de Galicia proxectos de gran calidade, espectáculos teatrais que van a supoñer un punto forte para o teatro e para nós.

## Que obxectivos se marca de cara ao futuro?

Eu creo que os obxectivos son sinxelos sempre, outra cousa é que consigamos alcanzalos. Un dos obxectivos é continuar aprendendo, algo fundamental. Continuar escoitando historias, continuar coñecendo e desta forma conseguir transmitir e crear emocións. Esta é unha das cousas máis bonitas que lle pode pasar a alguén que se sube a un escenario. Outro obxectivo é continuar nesta liña e abarcar proxectos grandes, eu sempre teño en mente que se faga algún día en Sarria un espectáculo que conte a historia da noite meiga, unha historia que creou á vila e que se pode contar moito máis e facernos aínda máis grande como pobo. E despois, evidentemente, continuar neste camiño e no mundo do márketing, tamén son unha persoa apaixonada do márketing e no mundo empresarial, o feito de ser narrador é algo moi positivo no meu traballo profesional diario. No márketing temos que comunicar, verbalizar as intencións dun produto ou empresa polo que se complementan moi ben.

## Como ve a César No en 10 anos?

Boa pregunta. Miro o presente aínda que dentro de 10 anos será o mesmo que é agora unha persoa humilde que lle gusta estar cos seus e que pase o que pase así seguirá sendo, unha persoa inquieta.

# O Rei Felipe VI visitou Sarria

O monarca realizou unha visita ao cuartel da Garda Civil e tamén aproveitou para coñecer o sistema de seguridade do Camiño

O martes 26 de abril o rei Felipe VI chegou a Sarria para coñecer o cuartel da Garda Civil e o traballo que este corpo realiza en relación coa protección e seguridade no Camiño de Santiago, esta visita é coincidente coa celebración do Ano Santo.

Ademais das autoridades xa confirmadas o ministro de Interior, Fernando Grande-Marlaska, a directora da Garda Civil, María Gámez e, o director adxunto operativo, o tenente xeral Pablo Salas, sumáronse o delegado do Goberno, José Miñones, o vicepresidente primeiro da Xunta Alfonso Rueda, o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices, a subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, e membros da corporación municipal encabezados polo alcalde, Claudio Garrido. O monarca chegou a Sarria sobre as 11.00 horas en helicóptero aínda que a rúa Castela permaneceu cortada dende ás 10.00 da mañá.



O Rei Felipe VI, en dúas imaxes da súa visita a Sarria para coñecer o Camiño de Santiago e o Cuartel da Garda Civil

A visita ao cuartel da Garda Civil, onde traballan 20 axentes, serviu para explicar e visualizar a través dunha exposición os labores que realiza o corpo de seguridade en canto ao Camiño de Santiago.

**DEPUTACIÓN.** O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, participou na visita institucional que realizou o Rei Felipe VI ao Cuartel da Garda Civil de

Sarria, a primeira viaxe oficial do Xefe do Estado á provincia.

A institución provincial colaborou coa Benemérita na organización do acto, que contou coa presenza do ministro de Interior, Fernando Grande-Marlaska, a directora da Garda Civil, María Gámez Gámez; o vicepresidente Primeiro da Xunta, Alfonso Rueda Valenzuela, o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices

Vieira, e o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, entre outras autoridades.

Tomé Roca acompañou ao Xefe do Estado na visita ás instalacións sarriás para coñecer o traballo dos axentes para a protección e seguridade dos peregrinos e peregrinas no Camiño de Santiago e recoñecer o seu labor no Ano Santo. O posto de Sarria é un dos referentes do Camiño de Santia-

go Francés, sendo o concello luscense o punto de saída dun gran número de peregrinos ao atoparse no límite dos 100 quilómetros esixidos para obter a Compostela.

Esta será a primeira visita real ao concello de Sarria dende que hai 110 anos, cando os bisavós do actual Rei, Alfonso XIII e Victoria Eugenia, asistiron a unha misa no convento da Merced.

## Clausura do curso de peón forestal

O curso de Peón Forestal organizado polo programa de emprego de Cáritas en Sarria celebrou a xornada de clausura. Nas 116 horas que durou esta formación, o alumnado adquiriu as competencias básicas necesarias para poder empregarse nun posto como peón forestal.

Unha actividade que finalizou con enorme satisfacción para os seus impulsores pola valoración positiva da experiencia que fixeron tanto os alumnos como os docentes e as empresas participantes no programa, a las que queremos agradecer su colaboración.

O programa de acollida que ten en marcha Cáritas atendeu no ano 2021 a 116 familias en situación



de risco en Sarria, para un total de 310 persoas. No que vai de ano, a entidade atendeu xa a 58 familias así que todo apunta a que con toda probabilidade vanse superar as cifras do ano anterior.

A axuda que facilita vai desde pro-

porcionar alimentos e cubrir outras necesidades básicas como vivenda, educación, ropa, saúde, transporte, documentación ou deudas adquiridas. As demandas das familias tamén inclúen emprego, formación e asesoría xurídica.

## O Concello organiza un ciclo de paseos gratuítos para coñecer a localidade

O Concello de Sarria organiza un ciclo de visitas e paseos gratuítos para coñecer os lugares máis emblemáticos da vila.

A actividade #DescubriendoSarria desenvolverá paseos guiados dende o 5 de xuño ata o 4 de setembro. Terán lugar en datas previamente publicadas para poder ofrecer maior dispoñibilidade aos veciños que estean interesados en realizar as rutas.

Desta forma serán o domingo 5 de xuño, domingo 3 de xullo, domingo 7 de agosto e domingo 4

de setembro. En horario de 11.00 a 13.00 horas.

O coñecido guía oficial de turismo de Galicia, está especializado na provincia de Lugo e encargárase de ofrecer unha nova ollada do Concello a todos aqueles interesados que se anoten a través do correo electrónico [guidoguiaturismo@gmail.com](mailto:guidoguiaturismo@gmail.com)

Esta iniciativa pon a disposición dos veciños, turistas e interesados unha nova forma de coñecer o seu lugar de orixe ou afincamento.

**ROSBER**

Porcino - Avícola - Vacuno - Cunicula - Ovino - Mascotas  
Cinegética - Apicultura - Ferrería - Forestal  
Tratamiento agua - Cercados - Material veterinario

**MATERIAL PARA GANADERÍA, HUERTA Y JARDÍN**

San Xulián da Veiga, s/n. 27614, Sarria (Lugo)  
982 531 903 - [rosber@rosber.es](mailto:rosber@rosber.es) - [www.rosber.es](http://www.rosber.es)

# O PP denuncia o aspecto da vila “máis grande do Camiño Francés”

José Antonio García, voceiro do grupo municipal popular, pon voz as críticas vertidas sobre o estado da vila pola veciñanza nas últimas datas

A oposición non está contenta en Sarria. Polo menos o seu grupo maioritario, o Partido Popular. E así o fixo notar nas últimas datas, cunha notable actividade en redes sociais para mostrar con imaxes e textos o seu descontento coa xestión do goberno municipal. As queixas, ás que pon voz José Antonio García, portavoz municipal do PP, céntranse especialmente na figura do alcalde da vila, Claudio Garrido, e denuncian que “zonas absolutamente importantes e vinculantes de Sarria están cun aspecto que dan

**“Cremos que esta situación é froito da desidia e do abandono nos que ten inmersos a Sarria o mantemento deste goberno de Claudio Garrido e Camiña Sarria”**

unha imaxe da vila que non é a que se merece o concello e a vila máis grande do Camiño Francés ao seu paso por Galicia”.

García, quen a pasada semana foi incluso expulsado dun pleno municipal no turno de rogos e preguntas tras recibir tres apercebimentos por parte do alcalde, explica que “dende o grupo municipal do Partido Popular de Sarria levamos toda a semana insistindo na absoluta desidia na que se encontran zonas icónicas e representativas do Concello de Sarria, vinculadas de forma moi estreita ao Camiño de Santiago e que deixan unha imaxe de Sarria moi triste para

miles de peregrinos que están xa a començar o que é a época forte do verán”.

E acto seguido desgrana os principais lugares afectados por este teórico abandono e os motivos polos que os populares consideran ineficaz a xestión municipal levada a cabo polos integrantes de Camiña Sarria. “En primeiro lugar falamos da Ponte da Áspera, unha ponte de interés cultural sobre trazado medieval á saída da vila de Sarria que se atopa absolutamente invadida pola maleza e polas silvas. Parece mentira que un icono de Sarria como é esta ponte sexa olvidada, esquecida absolutamente polo goberno municipal”, sinala o portavoz do PP.

A segunda zona onde centra as súas críticas José Antonio García e o seu grupo municipal é “o Mirador da Cárcere, o que era a antiga prisión preventiva de Sarria. Un Mirador no que, ademais, se vén de gastar por parte do Concello, unha adxudicación de obra da que temos pedida a copia de expediente, 28.000 euros e que se atopa xusto agora que se acaba de pagar ou presuntamente pagar esa mellora nun aspecto absolutamente de abandono e de deterioro total”.

De feito, García avanza que “tamén pediremos explicacións sobre esta adxudicación e cómo pode ser que unha obra que se vén presuntamente de arranxar se atope na situación na que se atopa”.

Para o final queda a zona na que os populares de Sarria atopan máis motivos de queixa, especialmente polo que simboliza. “Non podemos deixar de falar do Chanto. O Chanto é o parque de Sarria por excelencia. Unha zona recreativa, de ocio e de lecer das

familias de Sarria, sobre todo na época de verán, e que agora mesmo se atopa totalmente destruída”, láíase o portavoz do PP.

Acto seguido pasa a enumerar os problemas. “A presa que vincula a praia fluvial do Chanto está rota, desfeita e chea de maleza. O edificio público municipal onde hai un establecemento hostaleiro concesionado está apuntalado dende fai meses sen que dende o Concello se tome ningunha medida”, apunta.

“Na ribeira do río están caendo árbores de forma seguida nos úl-

**“Zonas importantes de Sarria dan unha imaxe que non é a que se merece o Concello, que é a vila máis grande do Camiño Francés ao seu paso por Galicia”**

timos tempos sen que por parte o Concello adopte medida de seguridade algunha antes de que se produza calquer tipo de desgraza. E o paseo está roto e desfeito, con puntas oxidadas de cara a nenos e maiores que pasan todos os días por alí co claro risco que isto supón”, finaliza a súa exposición José Antonio García.

**ESTRADAS DO RURAL.** Ademais das críticas pola situación destas tres zonas emblemáticas, o grupo municipal popular de Sarria utiliza as súas redes sociais para exercer de altavoz, recollendo queixas de veciños das zonas rurais polo estado



dos camiños e estradas. Así é o caso da pista a Goián por Calleiros, á que poñen como exemplo “da planificación do rural no Concello. Os veciños esnaquizando os seus vehículos tódolos días ante a desidia do goberno municipal”. E para a que piden “o arranxo inmediato desta estrada municipal, que segue sen un proxecto de arranxo. Prome-

teran un plan de aglomerado en quente no rural e só fan parcheos que duran dous meses”. Ante toda esta situación, o resumo de José Antonio García é claro. “Cremos que é froito da desidia e do abandono nos que ten inmersos a Sarria o mantemento deste goberno de Claudio Garrido e Camiña Sarria”, sentencia o portavoz municipal do PP.





# Traballadores dos centros de chamadas secundan a folga

Traballadoras e traballadores dos centros de chamadas de Galicia secundaron unha xornada de folga, convocada pola CIG, para esixir un convenio colectivo xusto, que dignifique as condicións laborais e salariais do sector. Con motivo do paro, realizáronse concentracións en Vigo, A Coruña, A Estrada e Sarria nas que se denunciaron as propostas de precariedade formuladas pola da patronal que, tras dous anos de negociación, non só se nega a aplicar unha suba que garanta a recuperación do poder adquisitivo dos salarios, senón que incluso pretende recortar dereitos xa consolidados.

Sobre o seguimento global da folga, a coordinadora do sector da CIG, Patricia Cordo, situouno nun 60%, aínda que matizou que está sendo irregular, rexistrándose unha importante participación nas empresas máis grandes e sindicalizadas (de arredor do 75%) e un menor seguimento naqueles centros máis pequenos e menos consolidados e entre o persoal de ETT. Non obstante, apuntou que cuantificar o seguimento do paro resulta complexo, tendo en conta que o 70% do persoal está en situación de teletraballo.

“A patronal quere consolidar a miseria e a precariedade laboral” En canto ás negociacións do convenio (que é de ámbito estatal), Cordo denunciou que a patronal pretende consolidar os baixos salarios e a precariedade, presentando unha proposta económica de miseria: do



Concentración de traballadores de centros de chamadas

0% para 2020, do 0.8% para 2021, do 2.5% para o ano 2022 e do IPC +0.5% para 2023, pero establecendo un tope de suba do 2.5%.

Tendo en conta que o pasado ano o IPC pechou no 6.7% en Galicia e está previsto que supere o 7% neste exercicio, “a proposta da patronal non garante nin sequera o mantemento do poder adquisitivo, e non falemos xa de recuperar as cantidades perdidas nos últimos anos”. Neste senso, a representante da CIG advirte que, a nivel retributivo, “xa hai categorías que, tras da última suba, foron superadas polo SMI e polo tanto tiveron que ser actualizadas ao salario mínimo”.

Pero á patronal non lle chega con propor subas irrisorias, senón que busca afondar na precariedade laboral, negándose á transformación inmediata dos contratos por obra e servizo no sector, que están en fraude de lei, segundo declarou a sentenza da Audiencia Nacional. Ao

contrario, aproveitándose da nova reforma laboral, puxeron enriba da mesa un modelo de contratación temporal por circunstancias da produción que imposibilita a estabilidade laboral e un modelo de contrato fixo-descontinuo, que suporía estar seis meses no desemprego e seis traballando.

Ademais, a patronal quere seguir mantendo a contratación a tempo parcial, con contratos de 15 horas semanais (o que dá salarios de 450€), concatenando ampliacións de xornada cando ás empresas lle convén e “vivindo co medo de quedar sen a ampliación por coller unha baixa, facer uso dun permiso ou acudir a unha consulta médica”. Xunto a isto, Cordo denuncia que a patronal tamén quere mudar o modelo de cálculo da xornada, que até agora estaba fixada nun máximo de 39 horas mensuais, pasando a facer un reparto mes a mes da xornada cun máximo de 1.764 horas.

# Chegan as sesións de contacontos para fomentar a igualdade

A Consellería de Emprego e Igualdade celebrou tres novas sesións de contacontos: no CEIP Plurilingüe Lagostelle de Guitiriz; no CEIP Plurilingüe de Toques; e no CEIP Plurilingüe Antonio Fernández de Sarria. A actividade, que promove os valores da igualdade desde as aulas e da coñecer a figura de mulleres galegas referentes, enmárcase no programa Donas de si, no que toman parte estes centros.

A actividade diríxese a rapazas e rapaces de educación infantil e primaria, co obxectivo de que coñezan e recoñezan figuras de mulleres que tiveron un papel relevante no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea para achegarse a súa contribución aos eidos da cultural, social, científico, artístico e político.

Nas sesións de onte, as rapazas e rapaces de Guitiriz puideron aprender máis acerca da figura de Maruja Mallo; no caso de Toques, a protagonista elixida foi Ángeles Alvariño; e no caso de Sarria, María Casares.

A iniciativa, promovida pola Secretaría Xeral da Igualdade, insírese no programa Donas de si co que o Goberno galego traballa con 65 centros escolares no eido da igualdade. Ao se dirixir ao alumnado de menor idade,

seleccionáronse 35 escolas que imparten estes ciclos para participar nesta primeira edición de contacontos ilustrados.

O programa Donas de si trata de favorecer a visibilización e potenciar o liderado das mulleres como pezas fundamentais do desenvolvemento da sociedade galega. Utilízase a estas figuras como punto de partida para traballar na aula o concepto da igualdade e para eliminar estereotipos de xénero.

Ademais se contribúe a realizar unha aproximación a mulleres relevantes, con especial atención ás máis esquecidas, para divulgar a memoria histórica feminina de Galicia.

Parte da escolma de mulleres protagonistas dos contacontos sae da publicación Mulleres Galegas promovida pola Xunta e integrada por cinco biografías: a da mestra e pedagoga Ernestina Otero; a da oceanógrafa, Ángeles Alvariño; a da artista Maruja Mallo; a da editora María Victoria Moreno; e a da mestra e inventora, Ángela Ruiz Robles. Trátase de libros de pequeno formato nos que xa traballan os centros e que ademais da traxectoria vital das protagonistas inclúen actividades para traballar na aula, que están a dispor de todos os centros interesados na seguinte ligazón.

## Festa do Fundador na Merced



O Colexio La Merced celebrou o pasado 6 de maio o día do seu fundador, San Pedro Nolasco. Despois de máis de dous anos.

Por primeira vez tras moito tempo, os nenos reuníronse na pista exterior para celebrar a primeira eucaristía conxunta dos dous últimos anos, dando as gracias por poder estar xuntos de novo.

Os rapaces de Educación Infantil, pola súa parte, tiveron unha pequena representación da vida de

Pedro Nolasco e de cómo se fundou a orde de La Merced, con frai Andrés exercendo de narrador.

Despois da eucaristía continuou a festa con multitude de xogos e sorpresas nas que os alumnos de terceiro e cuarto de ESO foron os encargados de sorprenden aos seus propios compañeiros preparandos as xymkanas nas que tomaron parte os alumnos de Infantil, Primarias e o resto de cursos de ESO.

# Tres veciñas foron premiadas no sorteo de ACES polo Día da Nai

Mercedes Pereiro Castro, María Teresa Pardo Torres e Pilar Veiga Rodríguez foron as tres afortunadas veciñas de Sarria que resultaron agraciadas no sorteo de premios con motivo da campaña do Día da Nai realizado na sede da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionales y Autónomos de Sarria (ACES).

As tres premiadas obtiveron a súa participación neste sorteo especial con motivo da campaña do Día da Nai ao faceren as súas compras en establecementos adheridos á Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionales y Autónomos de Sarria entre o 19 de abril e o propio 1 de maio. Nesta ocasión as compras das premiadas foron realizadas en: Mercería Lucía, Electronova e Los Sueños de Uxía.



Un momento do sorteo do Día da Nai

Cada unha delas recibirá un vale de cincuenta euros nun acto que terá lugar o próximo xoves día 5 de maio as 18.30 horas nas oficinas da ACES.

**CEA PARA DOUS.** A entrega de premios, na que se fará entrega tamén

da cea para dúas persoas que gañou Carla Doval pola adicatoria que lle deixou a súa nai, sendo a que máis “Me gusta” acadou nas nosas redes, correrá a cargo de Ricardo Arias, presidente da Asociación de Comerciantes e Empresarios – CCU de Sarria.

# DEPUTACIÓN

## Organizan en maio 16 rutas gratuítas polo patrimonio románico

Arranca a segunda edición do programa de actividades gratuítas que a institución provincial porá en marcha con motivo do Día da Transrománica, que se celebra o 9 de maio.

Tras a boa acollida do pasado ano, a institución decidiu reeditar a iniciativa ampliando a programación de actividades, que nesta ocasión inclúe 16 rutas polo patrimonio románico da provincia durante cinco xornadas: os días 7, 8, 9, 14 e 15 de maio. Cada itinerario conta cun máximo de 25 prazas, polo que no conxunto do programa ofértanse un total de 400 prazas, catro veces máis que a edición pasada. Todas as actividades estarán dirixidas por un guía oficial de turismo.

O presidente subliñou que o ano pasado, “en apenas cinco días es-

gotáronse as 112 prazas ofertadas e moitas das de reserva”, polo que “decidimos reeditar e ampliar esta iniciativa, que forma parte das actividades que poñemos en marcha dende a Deputación de Lugo tras conseguir no ano 2020 o ingreso na Rede Transrománica, recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa, o que situou ao románico lucense no nivel máis alto de recoñecemento europeo”.

As inscricións poderán facerse na web <http://inscricions.deputacionlugo.org> dende hoxe, ata dous días antes das actividades ou ata completar aforo. Para máis información, as persoas interesadas poden chamar aos teléfonos 982.260.011 e 982.260.234, ou dirixirse ao correo electrónico [romanico@deputacionlugo.org](mailto:romanico@deputacionlugo.org).



## Volven as actividades de turismo deportivo Actívate

Xa está en marcha a segunda edición do programa Actívate, unha iniciativa a través da que a institución provincial ofrecerá en 26 concellos da provincia durante as fins de semana de abril a xullo actividades gratuítas para todos os públicos vencelladas ao turismo deportivo e de aventura, como sendeirismo, surf, piragüismo, kajak, vela, trekking, escalada ou equitación.

O mandatario provincial estivo acompañado na presentación do acto, celebrado no entorno do río Rato, pola Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e por alcaldes e alcaldesas de municipios que acollerán estas actividades.

“Esta iniciativa tivo unha gran acollida o ano pasado, na súa primeira edición, durante a que se acabaron as prazas rapidamente”, explicou o presidente, e “estes bos resulta-

dos leváronnos a tomar a decisión de repetir o programa, pero, neste caso, máis amplo, porque pasamos de dous a tres meses de duración, e de organizalo en 18 concellos a facelo en 26”, explicou.

A programación inclúe 26 actividades que se desenvolverán noutros tantos concellos de toda a provincia. Son todas propostas ao aire libre, en plena natureza, como por exemplo, sendeirismo, surf, piragüismo, kajak, vela, trekking, escalada ou equitación. “Estas son só algunhas das alternativas, pero haberá moitas máis, que servirán para desfrutar do noso mar, da montaña, dos nosos sendeiros, dos monumentos e dos ríos dun xeito diferente”, subliñou.

As persoas interesadas en participar poden inscribirse na páxina web <http://inscricions.deputacionlugo.org>. Para máis información, poden

enviar un correo electrónico a [activate@deputacionlugo.org](mailto:activate@deputacionlugo.org) ou chamar ao teléfono 982 260 235. As inscricións ás actividades abriranse progresivamente todos os venres, cunha semana de antelación, ata completar o calendario.

Cada unha das actividades ten unha capacidade limitada, pero a maioría será para entre 15 e 20 persoas. Polo tanto, no total do programa ofertaranse preto de 450 prazas. As actividades están pensadas para todo tipo de público, familias e xuventude. Para cada actividade especificarase cales son os requisitos mínimos en función da dificultade, idade máis axeitada ou indumentaria para poder sacar o máximo proveito a cada unha das propostas. En todas e cada unha das actividades haberá un guía ou monitor especializado encargado de dirixir e coordinar o grupo.



## Tomé Roca reivindica o papel das deputacións para favorecer unha recuperación sostible

O secretario xeral do PSdeG na provincia de Lugo e presidente da Deputación, José Tomé Roca, participou en Granada na xornada *Gobiernos provinciales en la recuperación*, organizada polo PSOE. Un acto no que participaron entre outros dirixentes a Vicesecretaria Xeral do PSOE, Adriana Lastra, o secretario de Organización, Santos Cerdán, así como alcaldes, presidentes de deputacións e cargos orgánicos a nivel estatal.

Tomé Roca incidiu na importancia de promover e de participar neste tipo de encontros políticos “xa que aquí podemos facer unha posta en común da nosa xestión e dos nosos proxectos de futuro, e ao mesmo tempo coñecer outras iniciativas in-

teresantes para a nosa provincia e que se impulsan noutras partes de Estado”, explicou.

Os municipios e a actividade rural, a reforma laboral nos gobernos locais e a xestión dos fondos europeos foron as mesas de traballo en torno ás que xirou o encontro socialista, no que se evidenciou a importancia do traballo das deputacións para favorecer unha recuperación sostible, e para vertebrar e dinamizar un territorio. “Tanto os concellos como as Deputacións son as primeiras entidades ás que se achega o cidadán para obter solucións, por iso é tan importante estar preparado para responder con eficacia, solvencia e axilidade,” sinalou o dirixente.

## Abre a inscrición do Reiníciate

A Deputación de Lugo xa ten aberto o prazo de inscrición no programa de formación e emprego de persoas desempregadas de longa duración Reiníciate, encamiña o teu futuro, que impulsa coa colaboración da Escola de Organización Industrial (EOI) co dobre obxectivo de favorecer a inserción laboral deste colectivo e nutrir de man de obra cualificada a sectores con demanda, como o do viño ou o sociosanitario.

O programa, dotado con 355.000€, constará dunha parte de formación gratuítas en aqueles sectores con alta demanda de persoal capacitado, e doutra parte de formación práctica. Ademais, establécense tres zonas de actuación para impartir as formacións, que comezarán a finais de abril: a zona norte (Burela); a zona sur (Monforte de Lemos); e a zona centro (Lugo). Poderán acollerse a

este novo programa un total de 120 persoas, sen límite de idade, que acrediten levar un ano, como mínimo, inscritas no Servizo Público de Emprego.

Todas as persoas participantes acadarán a capacitación básica e clave para acceder a un posto de traballo cualificado, o que permitirá a aquelas que carezan de formación mínima -graduado escolar ou ESO- acceder a capacitacións profesionais. As formacións realizaranse enfocadas a sectores con alta demanda, como a atención sociosanitaria, os idiomas ou a viticultura. Neste último a formación práctica poderá ser en adegas, e, posteriormente, crearanse bolsas de emprego á que empresarios e empresarias poderán acudir para contratar a persoal capacitado. Este novo plan de formación e emprego favorece a inserción laboral

destas persoas, que teñen especiais dificultades para encontrar traballo, e, ao mesmo tempo, facilita que diferentes sectores profesionais poidan nutrirse de man de obra cualificada. Este programa provincial súmase ao Reiníciate: dixitaliza a túa empresa e o Reiníciate: enfoca o teu futuro, ambas iniciativas que a Deputación ten en marcha xunto coa EOI. O primeiro, un programa de formación e de asesoramento personalizado que se ofrece ás empresas da provincia de Lugo de maneira totalmente gratuítas para axudarlles a aproveitar os recursos das novas tecnoloxías para modernizar e mellorar o seu negocio. O segundo, unha iniciativa que ten como obxectivo favorecer a inserción no mercado de traballo da xente nova da provincia dándolle formación gratuítas e prácticas remuneradas en empresas.

# COMARCA

## Membros de Amigos do Camiño asisten á presentación de Pilgrim

A Asociación Amigos do Camiño de Sarria asistiu á presentación que tivo lugar en Arzúa do proxecto piloto que Pilgrim puxo en marcha co fin de medir e analizar o volume de peregrinos que cada ano realizan as rutas xacobeas.

Este proxecto utiliza a innovación, a tecnoloxía e a analítica de datos. O dispositivo NPX é a base dun proxecto moi ambicioso debido á complexidade que supón medir con exactitude estes baremos.

Dende que comezou o ano 2022 xa foron 20.700 os camiñantes os que se animaron a realizar algunha das rutas, esta é a cifra máis alta rexistrada en toda a historia do Camiño e do Xacobeo.

O sistema de medición pretende ser complementario as estadísticas de Compostelas seladas na Oficina de Acollida ao Peregrino.



A presentación do proxecto Pilgrim

no. Este suporía unha mellora na atención dos peregrinos ao poder establecer uns datos máis fiables da previsión dos camiñantes.

Este novo sistema de medición pretende levala a cabo a través de teléfonos móbiles con wifi ou blue-

tooth instalados en zonas estratégicas do Camiño Francés, a ruta que máis peregrinos acolle. Isto facilitaría obter datos máis reais dos camiñantes que realizan a ruta xa que moitos deles non selan a Compostela ou non chegan a Santiago.

## O PSOE insta á Xunta a crear o consello de comunidades de montes veciñais

A voceira de Forestais do Grupo Socialista, Carmen Rodríguez Dacosta, instou á Xunta a crear o Consello de Comunidades de Montes Veciñais antes de modificar a lei de montes. Fíxoo, na Comisión de Agricultura do Parlamento, onde presentou unha proposición non de lei neste sentido que foi rexeitada polo PP.

“A posición en contra por parte do grupo que sostén o goberno fainos desconfiar dos intereses que poidan ocultar trala modificación que queren emprender da lei”, advertiu a socialista, quen urxiu a “formalizar de forma inmediata” o Consello Galego de Comunidades de Montes Veciñais co fin de que as comunidades estean representadas e sexan oídas nas súas inxerencias”.

Ao fío disto, Dacosta chamou ao Executivo galego a cumprir co acordo parlamentario en torno a esta cuestión que quedou materializado no ditame da comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas de política forestal que precisamente recollen esta cuestión.

Este órgano “debe ter” a función de representación das comunidades, defensa dos seus intereses específicos e unha interlocución coa administración, tamén en modificacións normativas que afecten aos montes veciñais.

## Once firmas optan ás obras da segunda fase da autovía Nadela-Sarria



A redacción do proxecto da segunda fase da autovía Nadela-Sarria foi punto de interese para 17 empresas que remitiron as súas ofertas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta segunda fase da autovía comprende os traballos que se realizarán no tramo que conectará Luco coa A-6 a Autovía do Noroeste, que ten un custo estimado de 30 millóns de euros.

Desta forma, o Goberno galego ten previsto comezar a redacción do proxecto este verán para que no outono se executen os traballos e quede aberto o primeiro tramo da nova vía Nadela-Sarria. Este proxecto completará o dobre de abastecemento da actual vía de al-

tas prestacións Lugo-Sarria, polo que as ofertas inclúen redacción do proxecto de trazado, estudo de impacto ambiental e proxecto construtivo para o tramo de 13,5 quilómetros xa mencionado.

En total, foron presentadas once ofertas, seis das mesmas obxecto de UTE's. As UTEs son Unións Temporais de Empresas polo cal, dúas ou máis empresas se unen para realizar unha obra ou prestar un servizo determinado.

Actualmente estanse levando a cabo os traballos na primeira fase da autovía. Trátanse de 11,5 quilómetros entre A Pobra de San Xiao e Sarria Centro, o tramo máis concorrido da estrada, cuxa inversión ascende aos 25 millóns de euros.

## A nova liña de alta velocidade suporá a expropiación de terreos en Lánacara e Sarria



A nova liña de alta velocidade Ourense-Monforte-Lugo suporá a expropiación de preto de cen parcelas dos concellos de Sarria e Lánacara. Isto ven dado polo proxecto de prolongación da variante do tren da Pobra de San Xiao.

A documentación sobre estas expropiacións pode consultarse polos interesados para presentar as alegacións pertinentes no Concello de Lánacara, no de Sarria, na Subdelegación do Goberno de Lugo, na dirección de proxectos de rede convencional do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias en Madrid e no portal de transparencia deste organismo.

En total son 94 terreos de Lánacara e 18 de Sarria que suman 102.375 m<sup>2</sup> correspondendo 93.344 ao municipio de Lánacara. Ademais,

na relación de terreos tamén se contemplan 11.689 m<sup>2</sup> de servidumes e 31.748 m<sup>2</sup> de ocupación temporal

O proxecto inclúe 1,5 quilómetros entre os dous concellos onde se prevé a construción dunha plataforma de vía dobre de alta velocidade que incluíra a conexión coa liña León-A Coruña. Adif expón un trazado que terá como velocidade máxima 220 quilómetros por hora e mínima de 160.

Nesta obra tamén se inclúe un falso túnel con unha lonxitude de 300 metros, aproximadamente, que se localizará en Ronfe entre os núcleos da Costa e do Barrio.

Por outra banda, a instalación da liña aérea de contacto será compatible co proxecto de electrificación Monforte-Lugo.

## Conceden axudas para poñer equipos que detectan perdas nas redes de abastecemento

Concedéronse axudas a 11 concellos lucenses para a adquisición e instalación de equipamentos de medida do caudal subministrado en alta por sistemas de abastecemento de auga potable de titularidade pública.

Os concellos beneficiarios na provincia de Lugo son os de Riotorto, Ribeira de Piquín, Portomarín, Pantón, O Incio, Bóveda, Carballedo, Xermade, O Páramo, Ribadeo e Sober. O importe das axudas alcanzou o 100 % do investimento da actuación proposta en cada caso. Ao respecto, establécense distintas contías segundo o volume de poboación, con máximos que oscilan entre os 3.000 euros para municipios de ata 2.000 habitantes e os 15.000 euros para entidades de entre 20.001 e 50.000 habitantes.

Dende a Xunta explicaron que esta iniciativa ten por obxectivo promo-

ver que as entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación contan con contadores homologados que permitan detectar fugas de auga nas redes, de tal xeito que se fomente o emprego eficiente dos recursos hídricos.

Así mesmo sinalaron que esta iniciativa favorece a adaptación e cumprimento por parte dos concellos do recollido na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca, que establece que os titulares das redes de abastecemento deben dispoñer de contadores homologados de medición de caudal de auga en todos os puntos de captación ou de subministración en alta e nos puntos de subministración final en alta ou en baixa, para detectar posibles fugas de auga en rede e facer un uso máis eficiente do recurso.

## Acordo das deputacións galegas para dar estabilidade aos parques de bombeiros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o deputado de Economía da Deputación de Pontevedra, Carlos López Font, anunciaron tras unha reunión na sede da institución provincial lucense, no Pazo de San Marcos, o acordo das tres administracións para dar estabilidade e seguridade laboral aos 400 traballadores e traballadoras dos parques de bombeiros.

José Tomé explicou que as tres institucións, co aval dos servizos técnicos dos respectivos consorcios provinciais de control de incendios e salvamento, apostan por aplicar o recollido nunha recente sentenza de unificación de doutrina que ditou o Tribunal Supremo con respecto ao caso dunha traballadora do SAF de Navarra, un ditame xudicial “que abre a porta a darlles estabilidade e seguridade laboral aos traballadores dos parques de bombeiros, sen que teñan que pasar por un proceso selectivo”.

Polo tanto, aplicando esta sentenza, “o que faremos é estabilizar aos

bombeiros como persoal laboral subrogado, mantendo a relación laboral de contrato indefinido coa Administración, sen levar a cabo un proceso de selección, que, de producirse, evidentemente, poderían supoñer cambios nas plantillas. Desta forma, estabilizamos as plantillas existentes”, subliñou o Presidente da Deputación de Lugo.

“Isto xa é o que queriamos facer, e entendemos que a sentenza do Tribunal Supremo avala a nosa postura. Unha decisión que busca garantir a continuidade e a calidade na prestación dun servizo público esencial, ao tempo que dá estabilidade e seguridade laboral ós profesionais que agora o desempeñan”, incidiu o Presidente da Deputación lucense.

As deputacións informarán do acordo aos representantes dos traballadores, e trasladarán á Xunta o informe que elaborarán os respectivos servizos técnicos dos consorcios para artellar a materialización da medida, esperando que a Administración autonómica, que participa nestas entidades ao 50%, se sume a este posicionamento.

## Bibliotecas da comarca reciben as achegas para a dinamización da lectura

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén de publicar no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución das axudas a entidades locais para programar actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e axencias de lectura de titularidade municipal, das que se benefician 36 concellos da provincia de Lugo.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, explicou que as achegas van destinadas a desenvolver actividades incluídas no catálogo do programa Ler conta moito, que ofrece espectáculos variados para inculcar na cidadanía o gusto pola lectura dunha maneira lúdica e atraente.

Hai actividades específicas para nenos, mozos e para o público en xeral. A programación é moi diversa, desde contacontos, maxia, obradoiros creativos, narración oral, divulgación do coñecemento ou audiovisual na biblioteca ata actividades de dinamización con música, teatro e danza, entre outros. Once das bibliotecas municipais beneficiarias son da Mariña (Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Lourenzá,

Ourol, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove); dez da Zona Sur (Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, O Saviñao, Sober e Taboada); sete da Terra Chá e Meira (Castro de Rei, Guitiriz, Meira, Muras, Riotorto, Vilalba e Xermade); catro da comarca de Sarria (Láncara, Paradelas, O Páramo e Sarria); e tamén as de Lugo, Antas de Ulla, Monterroso e A Fonsagrada.

Arias apuntou que a Xunta tamén acaba de publicar as axudas dirixidas a concellos e entidades sen ánimo de lucro para colaborar na mellora da organización dos seus arquivos, co fin de facilitarles a descrición dos fondos documentais que custodian segundo a metodoloxía arquivística. Chantada, A Pastoriza, Cervantes, Samos e A Pontenova son os municipios lucenses beneficiarios desta edición, orientada a mellorar a xestión dos documentos que gardan os arquivos co obxectivo de facilitar a súa conservación e consulta pola cidadanía.

## Presentada en Sarria a nova iniciativa #CaminoSostenible

O Camiño de Santiago con Correos presentou en Sarria xunto á Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés a iniciativa #CaminoSostenible, que convida aos peregrinos a cambiar pequenos hábitos co fin de cumprir coa Axenda 2030. Ao acto acudiron os alcaldes dos 11 concellos galegos do Camiño Francés: Arzúa, Melide, Monterroso, O Pino, Palas de Rei, Paradelas, Pedrafita do Cebreiro, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

O reto consiste en levar a cabo pequenas accións ao longo do Camiño de Santiago que axuden a conseguir un futuro mellor. Apostando por un consumo responsable, que sexa respectuoso co medio ambiente pero tamén solidario cos territorios e as persoas do planeta.



Acto de presentación da iniciativa

Outra das medidas que propoñen dende Correos é a de apostar polo consumo de produtos de temporada e de proximidade, co que se axudará a reducir a pegada ecolóxica, ademais de apostar polas tendas e

os pequenos comercios das zonas polas que se pasen. Desta forma estarase a contribuír o crecemento e o desenvolvemento das zonas nas que se asentán, axudando na loita contra a despoboamento.

## Galicia Camiño Emprendedor percorreu Sarria e Triacastela

A directora xeral de Emprego, Trabajo Autónomo e Economía Social, Covadonga Toca, participou na 4ª etapa do proxecto Galicia Camiño Emprendedor co que emprendedores galegos están a percorrer tramos do Camiño da man da Xunta e a Fundación Ronsel para impulsar o talento e o emprego. Trátase de apoiar ás persoas que teñen en mente iniciar un proxecto empresarial mediante un proceso de mentoring a través da realización das etapas do Camiño de Santiago. Nesta edición está prevista a participación dunhas 200 persoas entre emprendedores e mentores. En global realizaranse 12 etapas, 12 retos, o lema escollido para esta nova edición do programa. A de onte, polo Camiño Francés, discorreu polo Cebreiro, Triacastela e Sarria baixo o reto da Viabilidade



do emprendemento no rural. Toca destacou a oportunidade dos participantes para mellorar os seus proxectos e xerar contactos profesionais para avaliar o seu modelo de negocio e elaborar un novo plan de acción, no caso de que sexa preciso, sempre da man dunha mentora ou mentor que se adapta á realidade de

cada emprendedor.

Os retos que se propoñen acadar nesta ocasión están en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Na etapa de hoxe escolléronse tres destes retos: traballo decente e crecemento económico, redución das desigualdades e alianzas para acadar os obxectivos.

## Chamada á doazón de sangue

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) chama ás galegas e galegos a participar na doazón de sangue, en especial aos doantes A Positivo, O Positivo e O negativo. As reservas destes tres grupos sanguíneos presentan niveis baixos, polo que é preciso reforzar o permanente chamamento á participación nas campañas de doazón que realiza a Consellería de Sanidade por mediación de ADOS.

As xornadas festivas de Semana San-

ta afectaron aos niveis de reserva dos diferentes grupos sanguíneos, sendo preciso relanzar a constante solicitude á doazón de sangue. Polo que cómpre lembrar que os centros sanitarios de Galicia necesitan entre 400 e 500 diarias para desenvolver de maneira eficaz as súas tarefas sanitarias.

En moitos dos labores asistenciais que se realizan a diario nos hospitais de Galicia son imprescindibles os compoñentes sanguíneos. En perío-

dos vacacionais pode baixar o número de doazóns, pero non acontece o mesmo coa demanda de sangue e os seus derivados que precisan os centros sanitarios. Por iso, é imprescindible a xenerosidade e altruísmo de todos os cidadáns, polo que ADOS solicita un esforzo especial para incrementar as reservas de sangue.

Nestes momentos, estase a desenvolver a segunda fase da campaña de doazón de sangue #reto 5000 nas tres universidades galegas.

# Florencio Delgado Gurriarán

É un reflexo da cultura galega no século XX, promotor de iniciativas editoriais e radiofónicas

Florencio nace case ao mesmo tempo que o novo século, no 1903. A súa familia firmemente vinculada co traballo da terra inculcoulle non só o respecto polo medio senón tamén polo idioma e a cultura galega. Aínda despois de pasar case toda a nenez dunha cidade castelá a outra nunca esquece Valdeorras, onde regresan cada verán. E onde volve tras a morte da súa nai coa carreira de dereito rematada para comezar unha nova vida. En Valdeorras participará da vida cultural e política, participando activamente na creación do Partido Galeguista e nas primeiras eleccións da II República. O golpe de estado militar de 1936 que provocou a Guerra Civil colle ao noso poeta en Valdeorras de onde tenta escapar rapidamente ao ver o cariz que a contenda está a tomar. Os coñecementos dos montes da comarca do seu irmán, Lucio, serán a axuda máis eficaz para marcar unha rota de escape a través de Portugal cara Bordeos. Unha vez en Francia atópase con compañeiros da loita cos que decide volver a España para loitar do lado do goberno da República. A victoria dos franquistas píllao en Francia onde comeza unha labor fundamental para conseguir que moitos exiliados crucen o Atlántico cara unha nova vida. Trala súa chegada a Veracruz comeza a nova vida, nun primeiro momento sempre coa idea de que en poucos anos regresaría a Valdeorras mais esa visita dilátouse máis do esperado. Pronto formou familia coa súa querida Celia, unha filla de emigrantes

galegos que coñeceu mentres trataba de venderlle zapatos. Realizou diversos traballos ata que se asentou na empresa farmacéutica Queralt Mir onde traballou ata a súa xubilación. Pero o seu traballo máis importante foi do lado do grupo de emigrantes galegos no país, xunto aos que formou unha rede cultural galega imprescindible para a nosa historia.

**OBRA.** Os primeiros bocexos de literatura aparecen recompilados nunha vellas carpetas que el mesmo titulou xa na vellez como *Trangalladas de meniño...* Parvadas aquí vemos xa xogos de creación literaria e de rima de elevada calidade para a época na que foron feitos. Despois deste xogos rimados comeza a publicar nos anos trinta poemas soltos nos xornais O




Heraldo Gallego e *A Nosa Terra*. Algún dos poemas que aparecen son as primeiras versión dos que despois comporán *Bebedeira*. Comeza a crearse aquí o mundo máxico da natureza de Valdeorras no seu maxín. Os primeiros poemas que atopamos son: *O Castiñeiro morto*, *Vente, ventíño*

*do norte*, *Festas*. *Folión de vran*, *Ruada*, *Cantiga da vindima*, *Muiñada...*

Tamén nesta época comezan a aparecer os primeiros poemas de corte social e reivindicativos, *Romanzo do cabaleiro* e *Xuntanza*, nos que recorda a chamada de Pondal á redención da "nai" Galicia e arenga aos galegos a emprender unha loita que defenda a terra. Outra rama social e de crítica vai ser a que levará como eixo vertebrador a lingua galega. Nese momento a perda de falantes cara o castelán por prexuízos lingüísticos afectaba nomeadamente ás clases medias-altas, os que aínda tendo un sentimento de filiación coa terra galega non o tiña co idioma por consideralo campesiño e pobre. Isto vémolos por exemplo en *Carta de Guan de la era al Doutor Nuevo Campito* ou *Falan Castelán*. Moitos destes escritos aparecerán tempo despois no *Cancioneiro de Loita* e no *Sonho do Guieiro*.

Galicia é infinda!  
Nosa Galicia é máis ca toda a Terra.  
Non é xa o cativo currunchiño  
que dín escolas vellas.  
Cómprenos desbotar antigos erros  
fillos de mente estreita:  
Galicia é infinda!



## Paradela celebrará a festa de San Isidro o 15 de maio



Paradela prepárase para o próximo 15 de maio, data na que celebrará de novo a festa de San Isidro. O programa contará con actos xa consolidados e tradicionais propias desta celebración, como o desfile de carros do país ou a exposición de maquinaria agrícola e gando.

Este ano, haberá unha actividade novidosa, unha exposición sobre o bicentenario do Concello, o aniversario do Concello foi no ano 2020, porén, dada a situación sanitaria naquel momento non se puido levar a cabo ningunha celebración. Para darlle máis visibilidade a esta cita, haberá unha exposición especial con imaxes da historia do concello, as súas personaxes ilustres, o inicio da banda de Paradela, etc. Esta mostra logrouse grazas as imaxes cedidas polos veciños e as achegas do Concello, asociacións, etc.

A cita comezará pola mañá coa exposición de reses no mercado gandeiro, ao mesmo tempo a Asociación de mulleres de Paradela exporá no centro sociocultural Manuel Oreste Rodríguez as manualidades realizadas polos socios. A continuación, un pasarrúas animará o ambiente festivo da vila. No campo da feira instalaranse postos de comida e, xa pola tarde terá lugar a misa a San Isidro, a procesión e o desfiles de carros do país.

A comitiva será acompañada pola banda de Paradela e, ao finalizar o percorrido dará un concerto para os asistentes. Para rematar, unha orquestra e a degustación de Tenreira Galega Suprema, pan de Paradela e viño da Ribeira Sacra, tres produtos autóctonos da provincia que lle dan maior valor gastronómico a este evento.

## O Concello pon a disposición dos veciños unha enquisa para a elaboración da Axenda Urbana

O Concello de Paradela pon a disposición dos veciños a través das súas redes sociais o enlace no que os veciños poden colaborar no proceso de elaboración da Axenda Urbana e Rural de Paradela.

Esta enquisa online habilítouse para coñecer as valoracións e opinións da cidadanía sobre os principais retos e problemáticas que consideran que este documento debe abordar, así como para recoller propostas para afrontar os mesmos.

Este proxecto é financiado polos fondos Next Generation UE e polo plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco da Axenda Urbana de España.

A Axenda Urbana é un documento estratéxico que trata de abandeirar unha nova visión do urbanis-

mo. Persegue, polo tanto, a consecución de cidades, vilas e pobos sostibles, inclusivos, seguros e resilientes.

Concíbese como unha folla de ruta aberta a continuas melloras e reformulacións que implica a todos os axentes, públicos e privados, que interveñen no territorio e buscan un desenvolvemento equitativo, xusto e sostible desde os seus distintos campos de actuación.

A Axenda Urbana e Rural de Paradela deberá dar resposta ás necesidades particulares do noso municipio, pero incluíndo os compromisos adoptados na Axenda 2030, a Nova Axenda Urbana das Nacións Unidas, a Axenda Urbana para a Unión Europea e a Axenda Urbana Española.

## Sometido a información pública o proxecto do parque eólico

Xa está en información pública o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico), en relación co proxecto do parque eólico Paradela, nos concellos de Paradela, Bóveda, Sarria e O Saviñao.

A publicación destes documentos ten como fin que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren afectadas nos seus dereitos ou intereses, poidan examinar a documentación técnica e, se é o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contarán a partir do día 20 de abril.

O 4 de xaneiro de 2019 Green Capital Power presentou unha solicitude de autorización administrativa de instalacións de produción de enerxía eléctrica e as súas infraestruturas de evacuación para o proxecto denominado parque eólico Paradela. No mes de maio, a promotora presentou a solicitude de modificación substancial para o parque eólico e a dirección xeral solicitou unha copia do proxecto



sectorial do parque eólico en materia de ordenación do territorio e urbanismo co fin de obter o informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do chan. Posteriormente, tras comprobar que os aerogeneradores cumpren as distancias de 500 m a núcleos de poboación, en marzo deste ano a dirección xeral competente en materia de enerxía enviou a xefatura territorial o expediente, para continuar coa súa tramitación ata completalo e remitilo ao centro directivo.

O proxecto pretende instalar sete naves aerogeneradores con sete centros de transformación instalados no interior da torre de cada un dos aerogeneradores. Inclúe tamén unha rede colectora soterrada cos cables de comunicación e os cables de terra que unen os aerogeneradores entre si e coa subestación elevadora Paradela, co obxecto de evacuar a enerxía xerada.

Ademais, tamén se colocaría unha torre meteorolóxica de 120 m de altura, con función de torre permanente do parque e capacidade autoportante e unha subestación eléctrica elevadora Paradela de intertemperie, con dous niveis de tensión de simple barra e a liña aérea de alta tensión.

Isto supón tamén unha obra civil consistente en camiños de acceso aos aerogeneradores, cimentacións, plataformas dos aerogeneradores e gabias de cablaxe.

Desta forma faise público o proxecto de execución das instalacións para os efectos da súa autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

## o páramo

## Regresan as Feiras de Primavera

As Feiras e Festas de Primavera do concello de O Páramo regresan este ano despois do obrigado parón pola pandemia do Covid-19 para cumprir a súa cuadraxésima edición do 10 ao 12 de xuño.

Como xa é habitual nesta cita, un dos certames máis veteranos de toda Galicia e que cada ano reúne a un gran número de persoas, o concurso de gando vacuno será unha das súas grandes atraccións. De feito, na última edición celebrada, a do ano 2019, na que houbo tamén actuacións musicais como a do grupo flok Luar na Lubre e un espectáculo de doma ecuestre repartíronse preto de 5.000 euros en premios e foron galardonadas nove ganderías.

A Asociación de Amigos do Campo da Feira, a encargada de organizar este evento en colaboración co Concello de O Páramo, aínda está a dar os últimos retoques ao programa dunhas



festas que volven con moita ilusión tras dous obrigados anos de ausencia.

A primeira xornada festiva será o día 10 de xuño, festivo local en O Páramo, e como é tradición ademais da inauguración e o pregón, o día estará adicado ao gando vacún e ao concurso. As actividades continuarán o día 11 de xuño para o que están

previstas demostracións caninas e de cetrería.

As Feiras e Festas de Primavera de O Páramo rematarán o 12 de xuño cunha feira de cabalos e un espectáculo de doma despois de tres intensas xornadas onde, por suposto, non faltarán actuacións musicais e mostras de artesanía e de maquinaria agrícola.

# A Feira da Tenreira Galega loce o seu Interese Turístico de Galicia

A estrea como Festa de Interés Turístico de Galicia da Feira da Tenreira Galega da Pobra de San Xiao dous anos despois de ter obtido o recoñecemento no ano 2020 foi un rotundo éxito. A longa espera debido á pandemia do Covid-19 provocou que a expectación ante esta edición, a primeira tras as restriccións, fora máxima. Tanta como ganas de festa había. Por iso, segundo os cálculos do Concello de Láncara, máis de 4.000 persoas participaron no evento.

A encargada de abrir a xornada festiva como pregoeira desta Feira da Tenreira Galega foi a escritora de Monseiro Rocío López Núñez, quen nas súas verbas ensalzou aos veciños de Láncara destacando “o seu carácter aberto e hospitalario e a axuda mútua para sacar o traballo adiante”. O rexedor municipal mostrouse especialmente ledo pola gran acollida desta edición, cunha participación estimada superior ás 4.000 persoas ao longo de toda a xornada. Un milleiro delas non quixeron perderse a degustación de tenreira galega suprema celebrada nunha das carpas do campo da feira da Pobra. Foi aí onde o restaurante Canedo serviu carne ao caldeiro ou costela asada con bebida, postre e café ao módico prezo de 16 euros.

A feira contou tamén con numero-



sos postos de artesanía e produtos de alimentación, nos que houbo degustacións gratuitas de queixos artesanais, marmeladas ou sidra ecolóxica do país. A amenización musical dun evento no que o gando foi protagonista cunha exposición de reses de rubia galega, correu a cargo do grupo Punto Clave.

O Concello de Láncara obsequiou cunha placa ao ex alcalde, Eladio Capón, polo seu traballo para impulsar esta feria nas súas primeiras edicións. Da mesma forma, entregóuselle á asociación Objetivo Diagnóstico os 1.425 euros recaudados nos campionatos de parchís e de tute benéficos.

A gandería Santalla foi a ganadora de

crias mentres que as reses de Manuel López Quiroga quedaron clasificadas no primeiro lugar en becerras, vacas e becerrotas. No apartado de touros e no de raza rubia galega o vencedor foi o gando de José Antonio Ferreiro Palacios. En total repartíronse preto de dous mil euros en premios.

Por xentileza da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Láncara sorteáronse dúas becerras na xornada de tarde. A primeira rifouse entre todas as persoas empadroadas no municipio, resultando premiada unha veciña da Pobra, e a outra entre todos os asistentes á feira, sendo o afortunado un dos integrantes do grupo musical Punto Clave.

## Máis de 300 persoas na festa dos avós

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, participou na XIII Festa dos Avós de Láncara, onde destacou o compromiso da institución provincial coas persoas maiores. O mandatario provincial felicitou ao rexedor e ao Concello por recuperar este encontro grazas ao que “os nosos maiores se poden volver a xuntar”, unha festa “especial” porque eles “sufriron especialmente a pandemia, polo perigo para a súa saúde e polas limitacións sociais que impuxo a Covid”. “Hoxe temos teléfonos, internet e videochamadas, pero o cariño das familias, dos fillos, dos netos e das netas, en definitiva, dos nosos seres queridos, non é o mesmo polas redes”, asegurou.

Para a Deputación de Lugo, esta tamén “é unha festa importante”, subliñou o Presidente, “porque concorda co noso compromiso de prestar unha atención de calidade ás persoas maiores, que garanta o seu benestar e dignidade”. Neste sentido, José Tomé lembrou que a institución provincial destina “máis dun terzo do Orzamento a políticas sociais, sobre todo á prestación do



Servizo de Axuda no Fogar, á Teleasistencia Domiciliaria as 24 horas e á rede de centros públicos de atención aos maiores que temos en marcha”. O presidente destacou que as residencias da Deputación, situadas no rural, “están pensadas para que os nosos maiores non teñan que marchar do seu entorno para recibir a debida atención. Uns centros de pequeno tamaño, nos que prima o coidado ás persoas, porque non buscamos a rendibilidade económica, senón a rendibilidade social. Unha rendibilidade social na que teñen un papel central o persoal sociosanita-

rio que traballa nas nosas residencias”.

Desta forma, o mandatario provincial quixo sumarse á homenaxe ó persoal sociosanitario que organizou o Concello para recoñecer o labor dos profesionais da residencia, do centro de saúde e dos Servizos Sociais de Láncara.

A Festa dos Avós de Láncara, a primeira tras dous anos de pandemia, desenvolveuse nun ambiente festivo e de reencontro. Celebrouse no marco da programación organizada polo Concello con motivo da XXIII Feira Degustación da Tenreira Galega.

## Catalogado o castro achado por Patrimonio dos Ancares



Un castro localizado no ano 2019 na Pobra de San Xiao foi recentemente catalogado polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Este achado foi descuberto polo colectivo Patrimonio dos Ancares en Ariz, pertencente ao municipio de Láncara.

Os arqueólogos realizaron unha comprobación e, tras esta, a administración informou a entidade do inventariado do ben. Así, este xacemento inclúese no Plan Básico Autonómico e o visor de aproveitamentos forestais. Tamén se informará ao Concello para a súa inclusión no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

O xacemento está a 229 metros de

altitude, preto do Corgo. Estímase que o castro de 82 por 73 metros con forma ovalada conta cunha antigüidade de 2.000 anos. Este lugar está custodiado por unha muralla que nalgúns puntos alcanza os 3 metros de altura, ao seu carón existe un foso que chega aos oito metros de ancho.

O curioso deste xacemento foi que aínda non estivera catalogado pola Xunta, xa que o lugar onde se atopou conserva o nome O Castro da Devesa e está presente nalgunhas cartografías. Este colectivo xa fixera un achado en maio do 2019 na parroquia de Vilarello, ese castro tamén foi catalogado posteriormente por Patrimonio.

## Petróglifos na Pena Tallada

O colectivo Patrimonio dos Ancares vén de documentar novos petróglifos atopados na comarca. Así, segundo indican integrantes do colectivo, de novo atoparon unhas coviñas debuxadas na coñecida como A Pena Tallada.

A 1032 metros de altitude, entre os concellos de Becerreá, Baralla e Láncara, atópase este novo achado. Un documento redactado polo escribán Joseph Pardo y Viveiro, de 1712, xa falaba desta Pena Tallada. Nel explicaba que había unhas “fendaduras que son coma cuncas”. Así describía o autor as agora coñecidas como coviñas.

Ademais deste documento, a Pena Tallada cítase como marco divisorio entre as tres freguesías nos

Interrogatorios do Catastro de Ensenada, datado de 1752.

Neste caso, trátase de dous grupos de dúas e tres fendaduras máis unha que aparece máis illada. As medidas rondan entre os 4 e os 6 centímetros de diámetro e ata uns 2 centímetros de profundidade. Malia que noutros achados semellantes podíase lanzar algunha hipótese da antigüidade destas coviñas, estas non están asociadas a ningún outro motivo polo que se dificulta esta opción.

Con todo, nas proximidades localízanse seis mámoas construídas hai uns 6000 anos. Unha delas, documentada polo colectivo en xaneiro de 2020, xa foi catalogada pola Xunta.



## O Concello investirá 190.000 euros na mellora das vías

O Concello destinará 190.000 euros, dos 290.000 totais que lle corresponden do Plan único da Deputación, á mellora de vías.

As vías que sufrirán os traballos de mellora son a que conecta Outeiro con Pacios, onde se levará a cabo unha pavimentación orzamentada en 53.429 euros, o camiño entre Foilebar e Trascastro será mellorado con 46.804 euros, o acceso de Saa será acondicionado grazas ao investimento de 37.373 euros. Tamén se mellorarán os accesos a Teimoí, Outeiro, Noceda, A Cervela e Piornedo con 53.262 euros. O Concello destinará dos fondos propios 12.716 euros para completar

os traballos da Cervela.

Ademais da mellora das vías municipais, o Concello destinará 40.116 euros do Plan único ao fomento do emprego e 25.000 euros para o Servizo de axuda no fogar.

Por outra banda, as actividades culturais onde se atopa o Festival Terra Brava, a revista de Os Fanaqueiros, actos nas parroquias e as clases de música serán promovidos cunha partida de 21.000 euros, o deporte levará 5.000 euros e outros eventos turísticos e promoción dos mesmos serán obxecto de inversión de 5.000 euros. Os 3.500 euros restantes irán destinados á compra fun xeófono.

## Protección Civil formouse en soporte vital básico

O Incio acolleu un curso de soporte vital básico para voluntarios de Protección Civil, unha formación fundamental para proporcionar maior seguridade ante calquera tipo de emerxencia relacionada cos paros cardíacos. Ante un paro cardíaco cada minuto conta, por iso, saber utilizar un desfibrilador semiautomático externo pode ser a diferenza entre a vida e a morte. Malia que o desfibrilador é moi fácil de manexar, ter unha formación guiada por persoal experto e as conseguíntes prácticas con simulacións é a única forma de familiarizarse cos pasos e aprender a controlar a situación e os nervios nunha situación de verdade. A morte súbita ou parada cardíaca é un problema que ocorre de maneira inesperada e con relativa frecuencia en España. O 80% dos casos suceden en domicilios ou na vía pública e tan só é posible axudar de forma inmediata co uso do DESA por parte dos testemuñas ou primeiros intervinientes. O recoñecemento rápido



Curso de Protección Civil

da situación e o uso precoz deste elemento é esencial para poder reverter a situación. O tempo é vital nunha persoa que sofre unha parada cardíaca, posto que cada minuto que pasa sin que se inicien as manobras de RCP e o uso do desfibrilador reducen as posibilidades de supervivencia nun 10%. Por iso, o Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar e a Sociedade Española de Cardiología avogan pola instalación de máis dispositivos deste tipo en lugares públicos.

## O Incio publica a súa oferta de emprego público para 2022

O Boletín Oficial da Provincia de Lugo recolleu este mes a oferta de emprego público do Concello do Incio para este ano, unha oferta aprobada mediante resolución da alcaldía o pasado 7 de abril e que xa está dotada orzamentariamente.

As dúas prazas ofertadas, ás

que se accederá mediante un concurso oposición libre, son de persoal laboral fixo. Unha será para un Grupo A1 da escala de administración especial como axente de emprego e desenvolvemento local e a outra e para persoal de oficial, para o posto de operario de servizos varios.

## A organización confirma tres bandas para o Festival Terra Brava

O Incio recupera, tras dous anos de parón, o Festival Terra Brava. Esta cita será o vindeiro 13 de agosto no municipio. O evento de música tradicional e popular contou nas súas anteriores edicións con sesión vermú, almuerzo popular, actividades para nenos e, a noite, concertos de grupos tradicionais galegos.

Terra Brava é o festival de música máis antigo da comarca de Sarria. A última das súas edicións cambiou a súa localización tendo lugar nunha carballeira na estrada do Incio a Óutara.

O primeiro grupo confirmado foi Ruxe Ruxe, un grupo de música galega formado en Aríns en 1996. A súa música é rock combinada con sons tradicionais galegos, empregando instrumentos como gaitas e saxofóns cunha actitude punk. As súas letras son en galego e teñen unha temática moi variada na que predominan os textos costumbristas, sociais e o realismo máxico.



A segunda confirmación foi a banda Andoa que toca música folklórica atlántica, irlandesa, escocesa, galega, etc. O grupo está composto por Ricardo Mouriño, Iago Boente e Roi Adrio. Teñen unha ampla traxectoria no mundo da música tradicional, así coma noutros xéneros que van dende o reggae ata o jazz.

A última confirmación dende a organización do festival foi Dios Ke

Te Crew, unha banda que naceu en Ordes no ano 2003, froito da unión de compoñentes de dous coñecidos grupos de rap en Galicia, 5Talegos e Ghamberros. Despois de realizar multitude de actuacións, no 2006 sae á luz o primeiro LP do grupo, "Xénese", considerado un dos traballos máis influentes da escena musical galega e pedra angular do hip hop feito en galego.

## O BNG presentou as súas propostas sobre a situación eléctrica en Galicia



Reunión informativa do BNG no Incio

O BNG organizou un acto no Incio para presentar á veciñanza as propostas para rebaixar o prezo da luz. Enmarcado na campaña O espolio da nosa enerxía saenos moi caro, a deputada Carme Aira, xunto co consultor enerxético Xosé Manuel Golpe e Xosé Moscoso, representante do BNG no Incio presentaron as propostas do BNG sobre a situación eléctrica en Galicia.

Carme Aira afirmou que "é preciso poñer en marcha unha tarifa eléctrica galega que recoñeza o noso estatus de produtores de enerxía para o resto do estado", e engadiu "as galegas e galegos non podemos

pagar a luz máis cara do estado". Aira destacou que "a luz é un servizo básico, non un artigo de luxo". O BNG propón medidas para que a riqueza eléctrica repercuta en beneficio das familias, da clase traballadora e das empresas para crear emprego. Medidas como a tarifa eléctrica galega, a creación dunha empresa pública de enerxía que asuma as concesións hidroeléctricas a medida que vaian caducando, ou que a instalación de novos parques eólicos se vincule a proxectos industriais que xeren emprego son as propostas do BNG para poñer freo á suba do recibo da luz.

## O Incio e Bóveda acordan agrupar os postos de Secretaría e Intervención

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Bóveda e O Incio para o sostemento en común do posto de traballo de secretaria-intervención, reservado a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

A constitución da agrupación responde a criterios de economía e eficiencia, evitando a duplicidade de gastos polo que se refire ao salario base, complemento de destino, trienios e seguridade social do posto de traballo reservado de secretaria-intervención.

A constitución desta agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de traballo reservado de secretaria-intervención débese á insuficiencia de recursos económicos existente en as ambas entidades locais, ocasionada en gran medida pola redución paulatina da poboación, o que supón unha diminución da principal fonte de ingresos ordinarios (a participación nos tributos do Estado) e da recadación de impostos, taxas e prezos públicos.



## triacastela

## O maior investimento do Plan Único irá ao arranxo de vías

O Concello de Triacastela invertirá máis de 100.000 euros do Plan Único da Deputación de Lugo no arranxo de catro estradas do municipio.

O Concello percibirá un total de 204.000 euros do Plan Único, a maior parte deste orzamento será destinado ao arranxo de pistas. Desta forma ao camiño do Teso en Santalla, irán destinados

53.152 euros, sendo 44.348 euros aportados pola Deputación e a cantidade restante polo Concello. Tamén se realizarán melloras nas estradas de Barreirín e A Pena, en Biduedo, que levará un investimento de 14.999 euros mentres que o camiño de Valdefonte, tamén na parroquia de Santalla, levará unha inversión de 44.813 euros.

Outra partida do Plan único será para o servizo de Axuda no Fogar que recibirá 19.655 euros. Mentres que 76.847 euros irán destinados ao fomento de emprego e a contratación de persoal. Por último, o Concello destinará 3.749 euros para a realización de actividades deportivas e para financiar o traslado dos alumnos do curso de natación.

## O alcalde de Burgos visita a vila e escribe no seu libro de honra

O alcalde de Burgos, Daniel de la Rosa, aproveitou o seu desprazamento a Galicia con motivo da visita do rei Felipe VI a Sarria para visitar o acuartelamento da Guardia Civil na vila para coñecer tamén Triacastela e manter un encontro coa súa rexedora, Olga Iglesias.

Ámbolos dous mandatarios locais son vicepresidentes da Asociación de Municipios del Camino de Santiago e acudiron ao encontro en representación desta entidade ao non poder acudir por outros motivos o seu presidente, o alcalde de Pamplona Enrique Maya, e para destacar o importante papel da Guardia Civil da zona como gardiana do camiño.

Dada a cercanía con Sarria, De la Rosa aloxouse en Triacastela e apro-



veitou tamén a visita para escribir unhas verbas no libro de honra do Concello.

Mentres, Olga Iglesias aproveitou a ocasión para “reivindicar ao pere-

grino de longa distancia” e “animar á xente a que fagan distancias máis longas xa que así disfrutarán máis do Camiño e coñecerán zonas moi bonitas coma, por exemplo, Triacastela”.

## Instalarán tres novos aeroxeradores no termo municipal

Greenalia somete a información pública o parque eólico Levante. Este novo proxecto suporá a instalación de 19 aeroxeradores na provincia tendo como localizacións centrais zonas de As Nogais, Becerreá e Triacastela. A infraestrutura de evacuación estenderase polos concellos de Baralla, Baleira e Pol.

Doce aeroxeradores estarán localizados nas Nogais, catro en Becerreá e tres en Triacastela. Estes aeroxeradores terán unha potencia de 5,6 megavatios, a altura será de 105 metros e o diámetro de retor de 150 metros.

O orzamento para levar a cabo este parque é de 77 millóns de euros aos que se suman 3 millóns dirixidos ás administracións locais.

## Anulado o procedemento de licitación de mellora no alumado por un erro no prego

O Concello de Triacastela vén de anular o procedemento de licitación das obras de mellora no alumado eléctrico por un erro no prego das cláusulas administrativas particulares. Este proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumado público no centro urbano de Triacastela saíu a licitación o 31 de marzo cun orzamento base de 193.635,09 euros con IVE incluído.

A presentación de ofertas pechouse pero antes de rematar o devandito prazo detectouse o erro, polo que foi necesario facer unha rectificación o que conlevará unha modificación sustancial. Con todo

isto, anúlase e retrotraen as actuacións ao momento inicial, cambiárase o prego e comezará de novo a licitación.

Este traballo teñen un prazo de execución de catro meses e conta cunha axuda do IDAE. Os traballos supoñen unha reforma dos cadros de mando e protección, o cambio das luminarias ou as melloras no cableado entre outros traballos. Os interesados poderán solicitar información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria cunha antelación mínima de cinco días á finalización do prazo de presentación de proposicións.

## samós

## O albergue acolle unha Escape Room do Camiño

O albergue público de Samos converterase en escenario dun Escape Room sobre o Camiño Francés, no que participarán máis de 500 persoas co único requisito de ter máis de seis anos de idade.

A iniciativa desenvolveuse durante as fins de semana, de venres a domingo, entre os días 6 e 22 de maio, ademais do mércores 11 e o xoves 12. Foron comprometidas preto de 80 sesións, dunha hora de duración cada unha, se ben dado o éxito que está a ter estúdase a posibilidade de amplialas. Trátase dun xogo de escapismo con diferentes probas para completar unha misión baseada no Camiño de Santiago e o Xacobeo 21-22. Esta é a segunda fase dun proxecto que antes se desenvolveu, cun formato máis reducido, en Betanzos (sobre o Camiño Inglés), Vigo (Camiño Portugués da Costa) e Ourense (Vía da Prata). Todos eles seguiron un guiión simi-



lar, adaptado en cada caso á ruta do lugar e ás características do albergue, que consistía en resolver unha misión deixando unha pista ou proba para este Escape Room final de Samos.

Os participantes organízanse en grupos de entre 6 e 8 persoas, guiados por un director de xogos e dous monitores; as probas electrónicas para resolver as pistas son elaboradas, complexas e detalladas. As solicitudes de inscrición deben presentarse no correo electrónico [inscriciónreservas-lucusescaperoom@gmail.com](mailto:inscriciónreservas-lucusescaperoom@gmail.com).



## Luís Celeiro foi nomeado Valedor do Camiño

O pasado 23 de abril a Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos fizo entrega ao xornalista, escritor e profesor samonense Luís Celeiro Álvarez o recoñecemento como Valedor do Camiño.

Esta celebración estivo apoiada por 18 colectivos máis que quixeron poñer en valor o traballo e o mérito que ten o samonense tras o seu esforzo por promover, estudar e divulgar o Camiño de Santiago.

O acto deu comezo ás 12.45 horas no monasterio de Samos. No seu remate, ás 14.30 tivo lugar unha comida nun restaurante da localidade.

Este nomeamento estaba previsto que se celebrara no mes de decembro de 2020, pero a situación

sanitaria impediuno e fixo que se adiaara ata este mes de abril.

Luís Celeiro está licenciado en Ciencias da Información (rama de Xornalismo) pola Universidade Complutense de Madrid, é doutor en Socioloxía e Ciencia Política, pola Universidade de Santiago de Compostela.

Desenvolveu a súa actividade como xornalista en A Nosa Terra, o semanario Tempo Galego, correspondente de Diario 16 en Galicia, colaborador de La Voz de Galicia, El Progreso, El Correo Gallego e O Correo Galego, xunto con outra serie de publicacións diarias e semanais.

Ademais, tamén ten distintas obras publicadas que teñen como eixo central o Camiño de Santiago.

## AGRO

## A Xunta amplía o prazo a solicitude das axudas da PAC 2022

Xunta ampliará ata o vindeiro día 13 de maio o prazo de presentación da solicitude única das axudas da PAC, que remataba inicialmente o día 30 de abril. O Diario Oficial de Galicia publicará proximamente a orde correspondente da Consellería do Medio Rural, co que se darán aos interesados dúas semanas máis para realizar os trámites.

O DOG publicaba o pasado día 31 de xaneiro deste ano 2022 a orde de convocatoria dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema Integrado de Xestión e Control, as coñecidas como axudas da Política Agrícola Común.

A súa dotación para esta campaña é de arredor de 210 millóns de euros, dos cales 170 millóns correspóndense cos pagamentos

directos e os restantes 40 millóns coas medidas de desenvolvemento rural (axudas a zonas con limitación naturais, agroambiente e clima, agricultura ecolóxica e para o mantemento de plantacións forestais en terras non agrícolas), cun aumento de cinco millóns de euros nestas últimas con respecto á anterior convocatoria.

Neste caso prevese que uns 25.000 agricultores e gandeiros soliciten estas achegas, que xestiona o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) e que son de gran interese para o sector primario. Así, grazas a estas axudas conséguense reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que se potencia os agricultores realmente activos e prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente.

## O Goberno destina 14 millóns para o desenvolvemento rural

O Consello de Ministros autorizou a repartición de 13.936.576,54 euros en Galicia para o financiamento do seu programa de desenvolvemento rural. “O Goberno demostra o seu compromiso con Galicia e cumpre co rural galego con estes fondos, que servirán para impulsar a actividade económica e fixar poboación á vez que se garante a explotación sostible dos recursos naturais”, valorou o delegado do Goberno en Galicia, José Miñones.

Esta asignación está contemplada na distribución territorial de 158.210.005 euros entre as comunidades autónomas, para o financiamento dos programas de desenvolvemento rural, e someterase a consideración da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

A repartición levouse a cabo en consonancia cos acordos da Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas para o financiamento dos programas de desenvolvemento rural do período



Visita do delegado do Goberno á comarca

2014-2022, que resultan de aplicación ata o ano 2023, de acordo coa normativa europea que permite sumar tres exercicios á data de finalización do ciclo de referencia.

Con esta autorización, mantense o compromiso do Goberno de continuar co apoio financeiro para as medidas dos programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas.

Os programas de desenvolvemento rural contemplan medidas de apoio

de diferente natureza, orientadas a mellorar a competitividade do sector agroalimentario, asegurar a xestión sostible dos recursos naturais e a acción fronte ao clima e a alcanzar un desenvolvemento territorial equilibrado das zonas rurais. Estas medidas fináncianse co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e as contribucións da Administración Xeral do Estado e das propias comunidades autónomas.

## O BNG valora nunha charla o sector vacún de leite e carne



O Bloque Nacionalista Galego celebrou en Sarria un acto público no que se valorou a situación actual do sector da gandaría vacún, tanto de leite como da carne.

Contou coas intervencións de Xosé Luis Rivas Mini, deputado no Parlamento galego, Elías Somoza, gandeiro e coordinador de sectores gandeiros da Federación Rural Galega (FRUGA) e Efrén Castro, concelleiro e portavoz municipal do BNG en Sarria.

O encarecemento das materias primas e a falta de prezos xustos na produción gandeira están a provocar que moitas explotacións se atopen ao borde do colapso. Por isto, o BNG aposta polo impulso de medidas para o sector de xeito inmediato, como a aplicación dun gasóleo profesional libre de impostos, unha mo-

ditoria de dous anos nos prestamos das explotacións ou a condonación da seguridade social durante un ano. Mais tamén, medidas de carácter estrutural, como mudar a Lei da Cadea Alimentaria para establecer custos de produción de xeito obxectivo, a mobilización da terra abandonada e a súa recuperación como terra de cultivo ou a modificación da PAC para establecer axudas vinculadas á produción. Xosé Luis Rivas declarou “hai que activar as zonas deprimidas, abandonadas e despoboadas para que volvan ter actividade agrogandeira, e así, poderemos fixar poboación, reactivar a economía e soste-la necesaria soberanía alimentaria”.

Así, o deputado do BNG destacou a necesidade de afondar nas mesas de diálogo para garantir prezos xustos.

## A tempada de caza en Galicia será do 16 de outubro ao 6 de xaneiro

A Xunta publica a resolución na que se fixan as épocas hábiles para a actividade de caza, os réximes especiais para as diferentes especies e as medidas de control por danos.

O período hábil xeral para poder exercer a actividade cinexética en Galicia comezará o vindeiro 16 de outubro e estenderase ata o 6 de xaneiro do próximo ano, durante o que se poderá cazar os xoves, domingos e festivos tanto de carácter estatal como autonómico.

Así se recolle na resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicada hoxe e pola que se determinan as épocas de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2022-2023.

Neste sentido e como consecuencia directa da inclusión do lobo na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe), a Xunta tivo que excluír da resolución anual de caza, por

primeira vez, a posibilidade de realizar controis poboacionais polos danos que poidan ocasionar estes animais.

Esta é unha das novidades principais da tempada 2022-2023, que se deriva da decisión do Goberno central de elevar a protección do lobo ibérico ao norte do río Douro a través da orde ministerial publicada o pasado 21 de setembro, unha medida á que se opuxo desde o principio a Xunta por carecer de fundamento científico e porque, ademais, deixa aos gandeiros e a xente que vive no rural nunha situación moi delicada.

De feito, desde a inclusión do lobo no Lesrpe, as comunidades lobei-ras como Galicia xa non poden adoptar, con carácter xeral, determinadas medidas de control e xestión sobre esta especie nos seus respectivos territorios, xa que os requisitos e condicións esixidos na propia orde para que poidan autorizalas fan que, na práctica, sexa un procedemento inaplicable.

## Nova campaña para a prevención de riscos dos veterinarios nas explotacións de vacún

O Colexio de Veterinarios de Lugo acolleu a presentación da nova campaña que a Xunta desenvolverá co título Protexe o traballo do persoal veterinario na túa explotación de gando vacún.

A Xunta quere concienciar da importancia da prevención dos riscos laborais nas explotacións de gando vacún e indicar as medidas preventivas que permitan eliminalos ou reducilos. Nesta ocasión a iniciativa divulgativa pon o foco no persoal veterinario que se despraza ás granxas.

A campaña ten a súa orixe nun grupo de traballo técnico para a análise dos accidentes laborais en Galicia, que conta coa participación activa das organizacións sindicais e empresarial galegas, puxo en valor Mancha, quen incidiu en que na elaboración dos contidos tivéronse en conta tanto a tipoloxía como as causas dos accidentes no sector.

Os materiais distribuiranse entre as explotacións galegas. O obxectivo da Xunta consiste en achegar a documentación da iniciativa de carácter plurianual a unhas 25.000 granxas de gando vacún galegas.

# COLABORACIÓN

## É mellor morrer

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**A** costumamos a pensarnos inmortalis, perdemos os estribos en moreas de batallas que nos acaen moi grandes.

Loitamos ás veces contra imposibles sen decatarnos de que todo vai a quedar aquí. Apuramos tanto por chegar a algures que nos esquecemos polo camiño do que somos, e sobre todo, de onde vivimos. Tendo todo o ceo para voar e namoramos dunha xaula.

Millóns de litixios separan irmáns por herdanzas que foron o sacrificio duns pais aos que nin mortos deixan descansar. Nesta era de brevidade, querémolo todo sen que nos custe nada. E así nos vai de mal. A miña

relación coa morte non sempre foi tan traumática como o é agora, nin con moito. Coido que ás veces retrocedemos, pero iso tamén nos fai humanos.

Sara non tivo fillos, era a miña veciña da taberna, cruzaba o pontigo e estaba na súa fermosa casaña de pedra. Picos, o seu home, coidaba a finca con mimo e só había un momento do ano no que non estaba todo o pulcra e impecable esa eira que rodeaba a casa, cando traían os loros os madrileños. Case sen decatarme, entrei con ela por vez primeira nun camposanto, polo menos a primeira vez que entrei de maneira consciente. Esa era un tema tabú para a rapazada, e penso que o sigue sendo. Se a mellor maneira de abordar un problema pasa por normalizalo, cos nenos historicamente fixemos o contrario. Eu sabía da morte, sen metáforas nin alegorías, xa a vira nos



ollos de meus tíos cada vez que se nombraba a R., xa daquela na miña mesa sobrava un plato, ou visto desde outra perspectiva, faltaba unha cadeira. Sara, a pesares de non ter fillos, estou segura de que sería unha boa nai. Non lembro que ninguén lle preguntase o motivo polo que non o foi, e tampouco me interesou nunca

se nos os tivo porque non puido ou porque non quixo. Vedes como retrocedemos, agora sería foco de murmuras de miradas de soslaio, se ben é certo que a Sara probablemente lle dese o mesmo. Con ela entrei no cemiterio cunha brazada de flores que acomodou con agarimo na soleira dun nicho. Foi alí cando souben onde estabamos, poñéndolle flores a un sobriño falecido moi novo. Normalizou a situación ata tal punto que para nada me resultou traumático, mesmo sendo unha meniña. Daquela entendín tamén a frase que lle repetía á miña nai cada vez que voltaba para casa co almorzo comido, "anda muller, déixame a min a nena, tamén vai ser ela a que me leve flores a Penas Agudas". Por certo, tarefa pendente.

Agora lidio coa morte dun xeito moito máis traumático e non che quero nin contar coa ausencia. Aprender a

vivir sen alguén coido agora que é dos traballos máis duros que se nos encomendou como seres sentintes. Pese a isto, cómpre recordar que como dicía o capador: morrer hai que morrer, chiniño.

Máis alá de todo o que imos deixar como legado material, penso na pegada que deixamos nos demais, como os fixemos sentir. Non sei se é teima miña, pero procuro gardar no maxín aquilo que distinguía aos que xa non nos acompañan aquí. Anisia empregaba panos de tea, Picos sempre levaba chaleco, o avó de H. empregaba cartas da baralla para distinguir as chaves. Haberá alguén que recorde algunha manía miña cando xa non esté? Cal será? Mentras e non, trato de vivir coa máxima de que aquilo polo que merece a pena vivir non acostuma a coincidir con aquilo polo que compensa padecer.

## ReferentAS

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**R**aquel e Marta. Dous nomes. Dous nomes de muller. Dous fermosos nomes de muller. Dúas mulleres moi especiais. Dúas mulleres artistas.

Cando era tan só unha cativa – igual que tantas e tantos nenas e nenos– pensaba, "eu quero ser como...". Empecei a tocar o violín con oito anos e lembro perfectamente como admiraba –e admiro– a tantos grandísimos violinistas: David Oistrakh, Itzhak Perlman, Jascha Heifetz, etc. Por aquel entón non tiña en mente moitos nomes de muller, posiblemente a máis famosa fora a violinista alemá Anne-Sophie Mutter, unha auténtica estrela! Afortunadamente a día de hoxe podería nomear moitísimas máis: Janine Jansen, Lisa Batiashvili, Hilary Hahn, Arabella Steinbacher, Isabelle Faust, Julia Fisher, Vilde Frang, María Dueñas, Leticia Moreno... Todas elas excelentes violinistas, grandes artistas que admiro e, sen dúbida, persoas de referencia. Penso que é de vital importancia

ter referentes ao longo da vida, especialmente na etapa de formación, fase que para ben ser, xamais remata na vida dun músico. Como vos dicía, podería enumerar unha longa lista de nomes de persoas ás que admiro profundamente, algunhas máis lonxe, outras que teño o pracer de coñecer en persoa. Concretamente quixera falarvos dunha muller que, por fortuna, se atopa neste último grupo: Raquel Areal Martínez (Tui, 1999). Unha excelente violinista, unha artista con maiúsculas, unha persoa maravillosa. Si, un referente, e ademais, de aquí ao ladiño! Hai unhas semanas tiven o pracer de poder escoitala xunto á Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, interpretando o Concerto para violín en Re M, op. 35 de P.I.Tchaikovsky. Foi absolutamente xenial! Unha mestura perfecta de lirismo e virtuosismo aliñada co ingrediente máis importante para min, un compromiso total coa música, coa partitura e co público. Xamais deixará de fascinarme a xenerosidade das e dos grandes artistas sobre o escenario, esa entrega absoluta que non se paga con diñeiro. Un regalo para calquera ouvinte con interese. Así que, moitísimas grazas Raquel, porque insisto, é



moi importante ter referentes e ti es, sen dúbida, fonte de inspiración para moitas nenas e nenos, e non tan nenos...

Seguindo con persoas de referencia, aquí vai outro nome propio que me fascina: Marta Pazos (Pontevedra, 1976). Directora de escena, escenógrafa, actriz, unha creadora xenial. Se penso

na súa obra, hai centos de palabras e ideas que se me veñen á cabeza, pero hai unha que berra con máis forza: fantasía. Fantasía pura e infinita impregna a obra desta artista, da que recentemente tiven a sorte de desfrutar no Salón Teatro de Santiago de Compostela con "Ás oito da tarde cando morren as

nais": "un canto coral sustentado no baleiro, un xogo irónico sobre a relación entre o teatro e a súa recepción. Aquí, a procura da identidade individual, amparada na masa superficial e ignorante, que presume de coñecementos inútiles, amósase indecente. Nun teatro, lugar (supostamente) de encontro, asistimos ao espectáculo da estupidez. E debaixo de todo o insultante: nós. Tan pequeniños, tan perigosos...".

Música, danza, flores, cores, todo é vermello, todo é verde, todo é beleza. Encántame a sensación de mergullarte nunha especie de universo paralelo onde todo é posible: persoas de pernas infinitas que camiñan polas nubes, actrices e actores que de repente son público, público que de súpeto salta ao escenario; todo está do dereito e do revés ao mesmo tempo, nunha orde máxica.

Magnífica obra de teatro onde o texto de Avelina Pérez e a dramaturxia de Marta Pazos forman un tándem perfecto, completado ademais por un excelente elenco de actrices e actores que non nos deixan de sorprender con cada frase, con cada movemento. Tomade nota, Raquel Areal e Marta Pazos, dúas pontevedresas que inspiran, dúas mulleres de referencia.

## O móbil nos centros educativos

### O PUPITRE



Julio Díaz

España é o país con máis adicción adolescente ao teléfono móbil, cifrándose nun 21,3%, namentres a media europea se sitúa nun 12,7%. O 90% dos adolescentes de máis de catorce anos ten móbil, sendo a media de idade de inicio no seu uso de oito anos, o que demostra que cada vez máis, e a máis tempranas idades, os xoves están expostos ós perigos do uso de internet e o conxunto de riscos que conleva a utilización das novas tecnoloxías.

Todos/as sabemos que a preadolescencia e a adolescencia é un período onde os rapaces son especialmente susceptibles aos cambios e polo tanto máis vulnerables e con moitas máis posibilidades de adicción.

A prevención, como en outros moitos ámbitos da vida, resulta de vital importancia para unha loita efectiva contra o mal uso do teléfono móbil. É importante que tanto docentes como pais saibamos advertir pautas de conducta como poden ser cambios de estados de ánimo, enfado continuo cando se poñen normas no uso dos videoxogos e do móbil, o seu uso a horas intempestivas na cama, no cuarto, no baño...a baixada do rendemento escolar, o illamento dos amigos, o abandono de outras actividades. Se non se é capaz de atallar estas actitudes, as consecuencias poden ser imprevisibles derivando incluso en "nomofobia" ou medo irracional a estar sen o móbil, a non poder utilizalo e incluso "tecnofilia" ou dependencia das novas tecnoloxías.

Dito isto, o móbil é unha ferramenta imprescindible na vida dos nosos alumnos polo que non introducillo no proceso de ensinanza-aprendizaxe sería impensable, xa que o seu uso dentro da aula con fins didácticos, incentiva a creatividade, a imaxinación e a conectividade. Eu estou a favor do uso dos terminais na aula porque é una ferramenta didáctica máis, que potencia a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado e que nos permite traballar calquera asignatura de forma dinámica e atractiva para o noso alumnado. Temos que aproveitar esta ferramenta cos alumnos/as de tal maneira que enriquezamos o proceso de aprendizaxe cun dispositivo co que os rapaces están totalmente familiarizados.



As vantaxes do uso do móbil como unha potente ferramenta de aprendizaxe son moitas: posibilidade dunha mellor organización, comunicar e traballar colaborativamente co resto da comunidade educativa, aprender mediante múltiples e variables aplicacións moitas das cales se crean só para o ámbito educativo.

O éxito da aprendizaxe co móbil vai depender da nosa capacidade para aproveitar ao máximo as súas vantaxes pedagóxicas polo que a capacitación técnica e pedagóxica do seu uso e de vital importancia, explorar aplicacións educativas e, ademais compartir as boas prácticas para que poidan ser adaptadas e melloradas en todos os contextos educativos.

Dicir tamén que ten as súas desventajas, entre as que destacar, o seu uso inadecuado, as distraccións, acoso a outros alumnos, grabacións...pero nos como docentes sempre temos recursos que nos permiten regulalo para dar un axeitado emprego do mesmo. Para acadar un uso exclusivamente educativo e produtivo, eque non sexa una perda de tempo, debemos establecer unhas normas que especifiquen cando imos usar os nosos terminais e con que finalidade.

Xa para rematar gustárame face-lo cun decálogo do que eu considero un bo uso do teléfono móbil baseado en oito sinxelas recomendacións:

- Non utilices o móbil na clase agás cando o autorice o teu profesor/a.
- Non grabes nen fotografías a ninguén sen o seu consentimento.
- Non ridiculices a profesores/as ou compañeiros/as.
- Non difundas imaxes íntimas ou ofensivas.
- Non sexas cómplice de situacións de acoso.
- Non aceptes a calquera nas túas redes sociais.
- Non creas todo o que chega.
- Sé crítico e reflexivo.
- Adica menos tempo ao móbil e ás redes sociais e máis as relacións persoais.

## Ás nosas queridas vacas

### FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Os que desgovernan Galiza, desde Madrid e desde a Xunta, están baleirando as nosas aldeas e o noso agro estase quedando sen xente e sen vacas. Desaparecen as explotacións leiteiras e tanto nos montes, coma nos agros e nos prados, plántanse eucaliptos para maior gloria de ENCE e dos políticos dos dous grandes partidos españois que entraron e entrarán pola porta xiratoria no seu consello de administración e deixan ó noso pobo sen futuro.

Dicían os políticos da dereita (que sabían do aprecio e da necesidade que os labregos tiñan das vacas para a súa economía) que os da esquerda llas ían quitar si chegaban ao goberno, pero non son os da esquerda os que llas están quitando, senón eles mesmos coas políticas antiagrarias deseñadas polos tecnócratas de UE e aplicadas por eles para arruinar o noso agro, quitarlle valor ás nosas terras e apostando polas macrogranxas que escravizan e deshumanizan ós animais, converténdoo nun simple número. Alí viven en condicións pésimas sen poder moverse, alimentándose con produtos prefabricados e producindo carnes de baixa calidade, de dubidosa salubridade e un gran dano ecolóxico a este planeta no que vivimos.

Todos os animais son queridos na casa dos nosos labregos e labregas, pero a vaca sempre foi o animal máis mimado polo campesinado.

As vacas eran tamén as compañeiras de traballo deles e delas, pois antigamente sempre as acompañaban nos seus traballos do campo, tirando do arado, da grade ou do carro, aínda que coa chegada dos tractores perdeu ese concepto de "compañeira" e deshumanizouse algo a relación que había entre ambos. Ademais agora, debido ás políticas aplicadas e o desamparo no que se atopan por parte das administracións, só quedan unhas cantas explotacións leiteiras en cada parroquia, que van malvivindo debido aos baixos prezos do seu produto no mercado.

Castelao dedicalle a este animal un precioso fragmento no seu libro *Sempre en Galiza*, no que afirma que "a vaca esqueceuse dos cornos e danos o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non nos pode dar máis". Outra cousa que nos aportaba, e que lle quedou a Castelao no tinteiro, era que desde a corte, que se atopaba normalmente na parte baixa da casa, tamén daba calor, que por medio do piso de táboas pasaba o primeiro andar onde estaban as habitacións nas que durmía toda a familia.

Son animais pacíficos; de aí que diga Castelao que "a vaca é un símbolo da paz" e Fr. Marcos da Portela asegura no seu "Catecismo do Labrego" que ata os bois da nosa terra son pacíficos. Tamén Xaquín Lorenzo (Xocas), no seu impresionante documental "O carro e o home", lémbra-nos que un "carro de vacas pode ser conducido, non só por un home afeito a este traballo, senón mesmamente por un picariño, cal-

quera pode conducir as vacas, que teñen a mansedume e a forza de todo o que é realmente grande".

Os e as paisanas poñíanlles nomes (todos en feminino, como diría Feijóo): Gallarda, Roxa, Garrida, Linda ou Marela para distinguilas entre si e polo nome xa saiban elas perfectamente a quen se dirixían e facían caso ao que se lles mandaba. Cando eu era neno tiñamos a Roxa e mais a Linda, e como eu non quixen mamar a teta foron elas as que me deron o seu leite para encher o biberón. Dicía miña nai que eran tan mansas e intelixentes que non facía falta chamalas pola corda e que, mentres levaba a meu irmán no colo, sentábame a min no carro e procuraban andar amodo para que non caera. Seica cando íamos os nenos no carro portábanse doutro xeito, indo mais amodo e con mais coidado que si o carro fora baleiro.

Existen mais de 800 razas de vacas, pero case todas as que tiñan os labregos eran rubias galegas, que son as máis bonitas e as máis traballadoras. Eran tan dóciles e intelixentes que, cando ían co arado, unha vez adestradas ían solas seguindo o rego sen chamalas pola corda, que era o traballo que menos me gustaba facer. Despois empezaron a traer vacas leiteiras da raza frisoa ou vaca Holstein, pero grazas que ao mesmo tempo viñeron tamén os tractores, porque estas daban mais leite pero non valían para traballar o campo nin para tirar do carro.

A literatura galega non foi allea á importancia das vacas na economía da nosa nación e non só Castelao, O Tío Marcos da Portela e o antropólogo Xaquín Lorenzo, senón que o periodista e sempre amigo, Alfonso Eiré López, dedicoulles dous libros: "Memorias dunha vaca marela" e "Eu tamén fun coas vacas", pero tamén Manuel María, Manuel Leiras Pulpeiro e a outros moitos poetas e escritores lles serviron de inspiración.

Para rematar quero deixar aquí este precioso poema do chairego e amigo Darío Xohán Cabana, que, para a nosa desgraza, deixounos o 16 de novembro do ano pasado:

A vaca é paz e fartura,  
alegría dos labregos,  
honra e proveito da corte,  
galanura dos pasteiros.  
A vaca fai o traballo,  
a vaca dá leite fresco;  
da vaca saen os xatos,  
a manteiga máis o queixo.  
O leite é parva e é cea  
con rafas de pan centeo.  
Os becerros son os cartos  
dos abonos e os aveños.  
Senón fora pola vaca,  
que sería dos labregos.

### O RECUNCHO DE CANELINA



## Entre indecisos e insubmisos

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

**E**lixir entre o malo e o menos malo. Esa foi a gran responsabilidade dos indecisos e dos insubmisos que se achegaron polas urnas o pasado 24 de abril en Francia, onde reinaba a máxima preocupación ante o avance da ultradereita; moita máis ca nas eleccións de hai vinte anos, cando a primeira rolda dos comicios supuxo unha sorpresa para moitos analistas políticos, que agardaban unha segunda volta entre Jacques Chirac e Lionel Jospin. Outros observadores xa apuntaran a posibilidade de que o socialista Jospin quedase apeado tras a primeira votación, dada a igualdade entre os principais candidatos e o alto grao de indecisos. A pobre imaxe que proxectara na súa campaña, xunto á dispersión do voto na esquerda cun gran número de candidatos, fixo posible que Jean-Marie Le Pen fora quen de enfrontarse a Chirac na batalla final. O proceso electoral recibiu daquela o cuestionamento xeral polo sistema de dobre volta (ballottage) e tamén levantou moita preocupación debido á apatía e ao xeito no que a esquerda experimentou unha fragmentación antes descoñecida.

Nesta ocasión, a división da dereita radical populista non impediu a Marine Le Pen pasar á segunda etapa das eleccións presidenciais para rivalizar co actual presidente Emmanuel Macron, con fama de arrogante e afastado dos problemas da rúa, nun proceso que contou coa maior abstención do último medio século. Como afirma o profesor Fermín Galindo, "asistimos a un enfrontamento entre a

Patria (Le Pen) e a República (Macron)". Finalmente, o candidato-presidente das mil caras ocupará o Elíseo cinco anos máis e terá que xestionar un país dividido e fondamente descontento cos seus líderes políticos. Aínda que Le Pen conseguiu o seu mellor resultado, funcionou a mobilización do chamado "escudo republicano", que sae votar só para evitar que gañe. Non deixa de ser preocupante o escenario actual europeo, pois a comezos de abril contemplamos a rotunda vitoria do primeiro ministro de Hungría -o ultraconservador Orbán- nas parlamentarias do país maxiar, por cuarta vez consecutiva, a pesar da unión de practicamente toda a oposición. E lembremos que a comezos deste ano tamén houbo eleccións xerais en Portugal e a porcentaxe de voto que recibiu a extrema dereita, encarnada no partido Chega, multiplicouse por cinco, superando o 7%. Até ese momento, Portugal era un dos principais países europeos nos que a ultradereita aínda non tiña unha presenza significativa no Parlamento.

Reino Unido e Irlanda son agora os únicos territorios de Europa onde a extrema dereita é inexistente ou non ten representación parlamentaria. Outros máis pequenos -como Luxemburgo e Islandia- viven unha situación semellante. En Reino Unido, os ultras non teñen presenza na Cámara dos Comúns, en parte polo sistema electoral de maioría simple que favorece o dominio dos grandes partidos (laboristas e conservadores), aínda que tamén estean representadas forzas políticas de menor entidade, como os liberaldemócratas e varios grupos nacionalistas.

Pola súa banda, Polonia convértese no segundo país do continente que concentra máis voto ultra (50%), que se divide entre o gober-

nante PiS (43%) e a suma de varias formacións radicais (7%). Séguenlle outros catro países que se moven entre o 20% e o 30%: Bélxica, Suíza, Eslovaquia e Italia. España, coa representación de Vox (15%), sitúase no posto número once de todos os países analizados. Aínda que estas formacións difiren moito unhas doutras, por exemplo Vox e o partido independentista belga Interese Flamenco, si comparten unhas características similares que as sitúan na familia política da dereita radical populista. Destacados politólogos coinciden na súa análise sociolóxica, identificando tres grandes elementos comúns no ideario destas forzas: nativismo, autoritarismo e populismo.

Nativismo definido como ideoloxía que sostén que os Estados teñen que estar habitados exclusivamente por membros do grupo nativo e que elementos non nativos -tanto persoas como ideas- supoñen unha ameaza externa; esta concepción inclúe unha combinación de nacionalismo e xenofobia. Autoritarismo como a crenza nunha sociedade rigorosamente ordenada no que as violacións á autoridade reciben un castigo severo, e onde priman a tradición e os principios de lei, orde e moralismo convencional, pero esta visión non implica necesariamente unha actitude antidemocrática. E populismo entendido como ideoloxía que considera que a sociedade se divide en dous grupos homoxéneos e antagónicos: 'o pobo puro' fronte á 'elite corrupta', partindo da base de que a política debe ser unha expresión da vontade xeral do pobo. Na democracia populista, nada é máis importante cá esta vontade xeral, nin sequera os dereitos humanos ou as garantías constitucionais.



## PASATEMPOS

Fácil

			9	2			
7	8	6	5	3			
		9		8		7	5
9	6		8			4	
5		3		6			8 9
			7	9	1		6
			4	1		3	
		8		5			4
3						8	5

Difícil

	6		2	7		4	5
5				8			
		4	6			9	2
						7	4
		7	5	6	4		
		3				8	2
		8				6	3
			8	3			
6	9				5	2	7

### SOLUCIÓNS

3	4	7	8	2	8	1	5
1	8	3	5	7	2	4	8
8	5	2	4	1	8	3	7
8	2	4	7	8	1	8	3
8	7	3	2	8	4	1	8
8	6	1	8	3	5	4	7
2	3	8	1	8	6	7	5
7	8	8	5	4	3	8	2
4	1	5	8	7	2	8	8

Fácil

6	3	8	1	4	5	2	8	7
7	2	5	8	3	8	4	9	1
1	4	8	7	8	2	8	5	3
4	5	3	8	1	7	8	6	2
2	8	7	5	8	4	1	3	8
8	1	6	3	2	8	5	7	4
3	7	4	8	5	1	8	2	8
5	8	2	4	8	3	7	1	8
8	6	1	2	7	8	3	4	5

Difícil

Consulta os eventos en:  
[www.sarriaxa.com](http://www.sarriaxa.com)

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono: 661 464 323

redaccion@sarriaxa.com

# DEPORTES

## “O principal obxectivo é que os patinadores gocen deste deporte”

Vanesa Parada, presidenta e adestradora co Club Anca de patinaxe

### Como naceu o club?

Eu veraneei toda a miña vida en Vigo. Alí, con 8 anos empecei a ter contacto con patinadores e estiven pedindo dous meses uns patíns. Non teño case recordos sen patíns. Toda a miña nenez paseina patinando polas rúas do meu pobo e en verán en Vigo onde aprendía moita técnica cos rapaces que compartiamos o gusto pola patinaxe artística.

Coñecín a xente da miña idade que mais tarde chegaron a ser grandes campións. Eu como vivía en Lugo e non existía nin tan sequera a patinaxe non puideron optar a nada. Moito do que empecei a facer de artístico foi autodidacta, entre o que me ensinaban en Vigo e o que aprendía vendo a patinaxe de xeo na tele. Durmía cos patíns debaixo da cama. Recordo os meus primeiros patíns azuis e rosas sen bota e de ferro, mais tarde regaláranme uns de bota que os compraron en Madrid, aquel foi un dos mellores días da miña vida. De tanto desgaste e saltos incluso partín uns de aluminio que moi amablemente un amigo do meu pai soldou. De todo isto, prometínme a min mesma, que cando fose maior crearía un club de patinaxe para aprender a patinar e especializárame en artístico para que ningunha nena/o que quixera tivera a oportunidade que eu non tiven. Despois de estar en varios colexios, con 5 ou 7 nenos decidín poñer en marcha o meu soño/proxecto. Cheguei á Federación e recordo que o secretario, máis tarde moi amigo meu, díxome que non funcionaría, que era imposible porque en Lugo non había tradición, ninguén facía patinaxe artística incluso regaloume un libro de técnica que ao final descubrín que foi dos mellores escritos de técnica de patinaxe artística de tódolos tempos. A día de hoxe teño como un tesouro. Prepareime facendo cursos que me axudaron moito na miña aprendizaxe. En febreiro de 2003 fundouse o club. A partir de aí tocou ensinar e mostrar a patinaxe cos 5 nenos/as que tiña. Recorremos colexios, festas populares, festas de fin de curso, patinabamos na rúa...todo par dar a coñecer que se querías podías aprender a patinar e para que coñeceran a patinaxe artística.

### Como sobrevive un club destas características?

O principio empezas participando no Programa da Xunta de Galicia Xogade onde case todo é gratuíto, licenzas, seguros, desprazamentos,

organización de campionatos.. que creo que é un dos mellores programas de España para fomentar o deporte base. Despois demos o salto á competición federada oficial, e aí comezan os problemas económicos, xa que pasamos de ter case todo gratuíto a ter que pagar por todo. Aquí sen a colaboración dos pais/nais sería inviable. Chegamos con moito esforzo, moita calculadora para chegar a todos os campionatos, escolas, cursos técnicos,... As cotas dos socios axudan ao mantemento do club pero ás veces non chegaban e entón tivemos que botar man de recursos propios. Agora estamos contentos porque a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia axúdannos. Algúns concellos colaboran cedendo pistas, o cal agradecemos moito. Noutros casos debemos pagar pista o cal supón un esforzo moi grande para nós.

### Que deportes ofrece?

O primeiro son as escolas de patinaxe onde os nenos e nenas aprenden a patinar. A partir de aí, podemos especializarnos en patinaxe artística. Das modalidades de patinaxe, tivemos hockey en patíns, Grupos show, e individual. Nesta última modalidade e na que actualmente estamos especializados e traballando.

### Para que idades son as actividades?

Desde o comezo do club empezamos a ensinar a tódalas idades. Desde os 3 anos ata adultos. Durante moitos anos ensinamos a patinar a adultos, desfrutamos moito. Incluso a pais e nais que viñan cos seus fillos. Desde que estamos a nivel autonómico deixamos un pouco de lado a patinaxe en adultos, e este ano houbo moitas demandas. É unha sinatura pendente que esperamos poder resolver a vindeira tempada. O que nos gustaría a próxima tempada é sacar o proxecto Patinaxe en familia.

### Como se presenta esta tempada?

Esta tempada estamos co calendario moi axustado, posto que tódalas competicións concéntranse a partir deste mes, ata xullo e despois en setembro xa temos competicións provinciais. Acabamos de aterrizar da tecnificación co afamado club Alexmar en Santander, onde participaron patinadoras de alevín a sénior. A nivel competicións xa tivemos o acceso a categoría Nacional con dúas patinadoras Lucía Rodríguez e Antía Corral na categoría cadete a sénior. Estivemos moi cerca pero esta vez non puido ser, seguiremos traballando ata conseguilo. Estivemos presentes tamén coa nosa benxamín

Carlota Pérez na categoría Nacional. Participaremos no Campionato Galego de niveis. Temos pechados dous trofeos no mes de maio e en xuño iremos coas patinadoras provinciais. A partir de aí vendo os resultados, comezamos a seguinte parte da tempada en setembro. Estamos moi orgullosos do conseguido ata agora, empezando da nada ata chegar onde estamos. Este ano o número de patinadores en competición que temos é un auténtico soño feito realidade. Temos 70 rapaces e rapazas de escola e 31 en competición. Polo que o que veña recibirémolo encantados, seguimos traballando con gran ilusión e desfrutando dos nosos patinadores/as tanto da escola como de competición. A paixón por este deporte fai que todos os días nos sintamos afortunados tanto de ensinar a patinar a un neno/a como de subirmos a un podium.

### Cales son os obxectivos a conseguir este ano?

O noso principal obxectivo é conseguir que os patinadores desfruten da patinaxe, tanto en escola como en competición. Sempre pensamos e fomentamos que desde o desfrute podes sacar o mellor de cada patinador. Xogar é fundamental. Os nosos principios son: primeiro a persoa (ter en conta cada neno individualmente), despois a educación no deporte en xeral (fomentar os valores do deporte), logo a patinaxe global (fomentar a ilusión por patinar) e despois a competición (motivar e ensinar o positivo da competición). Se non temos estes valores non seríamos nós. Para nós o primeiro e o desfrute dos nosos patinadores. A nivel obxectivos a realidade é que nas escolas aprendan a patinar e pasalo moi ben. A nivel competición non nos gusta poñernos obxectivos, imos traballando e vendo como imos. É algo que nos funciona moi ben. Sempre consensuamos coas patinadoras e entre todos decidimos. Elas son as que se poñen os seus obxectivos e metas.

### Que principios move aos deportistas?

Nas escolas gústalles moito patinar e, se ademais, xogamos en patíns o desfrute é máximo. Na competición, as patinadoras séntense moi motivadas pola técnica que é moi ampla con exercicios moi diferentes e superar cada nivel de exercicio motiva moito. Ademais, todo o que conleva: técnica, coreografía, baile, físico, maquillaxe, vestuario, música,



superación, afrontación, recoñecemento, triunfo, esforzo...todo xunto é motivación e, o mais importante, paixón polos patíns e pola patinaxe artística. Iso é o que move as nosas patinadoras.

### Cal é o maior logro do club?

Houbo dous momentos: O primeiro na primeira competición de individual libre, que tivo lugar en Arteixo e fixemos un 1º posto e un triplete noutra categoría. Foi increíble, a xente da grada non podía crer que fosemos de Lugo, xa que non coñecían a existencia dun club de patinaxe na provincia. O segundo foi o ano pasado cando acudimos á preselección nacional e puxemos o nome de Lugo a nivel federado. Oír representante da Provincia de Lugo nunha categoría preselección Nacional foi o mais grande.

### Cal foi o maior desafío ao que se enfrontaron?

A covid, posto que tiñamos a opción deportiva por primeira vez de presentarnos as probas de selección nacional e non se puido adestrar polas restricións, foi moi complicado. Foi un momento moi malo, parados

bastante tempo...conseguimos poñernos a punto con moito esforzo. De repente tivemos que parar todo e non sabiamos como íamos a saír a nivel físico e técnico, posto que as expectativas eran bastantes complexas tanto para adestrar como para volver a competir. Nós, vista a situación complicada e para protexer a tódolos estamentos patinadores, familias, directiva e equipo técnico decidimos parar as escolas ata que mellorara a situación e cando nos permitiron adestrar unicamente empezamos cas patinadoras de competición.

### Que actividades realizan a maiores?

Somos un club moi participativo en todo o que podemos. Vamos alá onde nos chaman. Isto é bo para todos. Cursos de patinaxe, tecnificacións, exhibicións (destacando a que máis nos emocionou a Gala de enfermidades raras (Fegerec) no palacio de Riazor en Coruña no ano 2014 ante 5000 persoas e autoridades), festas de fin de curso, celebracións (día de la muller, contra a violencia de xénero...), este ano participamos na Gala de nadal (con patíns), etc.

## Adxudicada a renovación do parqué do pavillón do Chanto

En Xunta de Goberno Local, o Concello de Sarria adxudicou a obra de renovación do pavillón polideportivo O Chanto. As actuacións consistirán na substitución do parqué que suporá un investimento de 93.875 euros por parte do Concello.

Esta actuación xa foi proposta anos atrás, porén esta non se levou a cabo despois de diferentes problemas coa empresa adxudicataria.

O proxecto acolle que esta actuación suporá unha renovación integral do parqué do pavillón co fin de aportar maior calidade e comodidade aos deportistas que fan uso desta instalación, desta



forma o pavillón responderá aos estándares de calidade actuais.

Esta será a segunda actuación que vai sufrir esta instalación deportiva neste ano, xa que a principios de ano, renovou a súa

coberta xa que aínda que tan só tiña 20 anos, o tellado corría o risco de levantamento con fortes ventos e, ademais, coa choiva, producíanse goteiras no interior do edificio.

## A selección galega, campioa de España de Salmónidos mosca

Os pasados 7 e 10 de abril tivo lugar o XXXII Campionato de España de Salmónidos mosca, organizado pola Federación de Pesca e Casting do Principado de Asturias. Cada participante tivo que pescar unha manga en cada fase.

O Río Piloña, en Asturias foi o escenario onde a selección galega se proclamou, unha vez máis campioa de España na categoría absoluta, neste grupo de pescadores atópanse varios membros do clube de pesca Río Neira de Lánacara. Con esta, sería a terceira vez nos últimos catro anos que se celebrou.

A nivel individual, o ouro e a prata tamén chegaron a Galicia da man



de José Luís López Fernández que quedou campión, e David Arcay, socio do clube de pesca Neira de Lánacara, que acadou o segundo posto. David Arcay Fernández conseguiu

na fase individual 16.455 puntos, o que lle outorgou a prata. Parte da selección galega estaba formada por socios deste clube lançarés.

## O Puebla Futsal entregou o material recollido para o pobo ucraíno

Membros da Directiva, Corpo Técnico e Xogadores do Puebla Futsal fixeron entrega á Comunidade Ucraína de Lugo dos alimentos, medicinas, roupa, etc, recollidos dentro da Campaña de Solidariedade con Ucraína, promovida polo equipo Senior de Fútbol Sala da Primeira Autonómica Galega, Puebla Futsal.

A recollida fíxose durante o transcurso de dúas xornadas de Liga disputadas no Pavillón Municipal da Pobra de San Xiao (Lánacara), e onde todos os asistentes que facían algunha doazón participaban no

sorteo dunha bufanda e unha camiseta firmada polos xogadores e corpo técnico.

Do mesmo xeito en colaboración co Club, tamén se facía recollida nos locais Café Bar Avenida, Comercial Luseiro y Efer Galicia.

Dende o Puebla Futsal queren dar as grazas a todas aquelas persoas que participaron dalgún xeito nesta Campaña así coma ó Concello de Lánacara pola súa colaboración para o transporte de todo o recollido ata a sede da Comunidade Ucraína de Lugo.

## Sarria organiza a carreira Vivas e visibles 2022

O Concello de Sarria organiza para o domingo 15 de maio a carreira Vivas e visibles 2022, unha proba deportiva en prol da muller que xa conta con arredor de 460 inscritos.

Disputarase sobre un circuito que é de asfalto e sendeiros de área, mesurando zona urbana con natureza cunha volta de 5 quilómetros con apenas desnivel.

A proba comezará ás 18.00 horas e o seu punto de saída estará situado no bulevar de Calvo Sotelo á altura de catro camiños con dirección Samos para despois xirar á dereita pola rúa Castela e no cuartel da Garda Civil seguir dirección Ponte das Aceas para volver pola zona do campo de fútbol ata a carretera Monforte e alí de novo a rúa Castela, pavillón



baloncesto, piscina e cruzando zona hotel. meta estará no Malecón do rio debidamente sinalizada.

Haberá trofeos para os tres primeiros homes e tres primeiras mulleres da carreira así como medalla para os tres primeiros de cada categoría.

## TELÉFONOS DE INTERESE

### LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

### PARADELA

Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

### SARRIA

Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

### SAMOS

Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

### O INCIO

Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

### TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112  
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085  
Garda Civil: 062



### TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@sarriaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 57-2021

## DE RUTA EN RUTA

# Sarria: Ruta de Foz das Aceas

Un roteiro que ten como protagonista ao río Sarria e que consta de preto de oito quilómetros de percorrido aptos para familias

Os bosques galegos son berce de contos fantásticos con infinitos misterios. As Aceas non é a excepción e garda no seu interior secretos, como a Cova de Gaspar, onde segundo relatan os aldeáns refuxiouse un home con ese nome durante a Guerra Civil española para poder salvar a vida. Os sarriáns lembran As Aceas e a ruta como o lugar onde ían coas súas cuadrillas cando eran mozos para pasar as tardes de verán. Hoxe converteuse no roteiro máis visitado e preferida para camiñar, relaxarse e gozar da natureza. Trátase dun sinxelo e atractivo roteiro, apto para familias, e que vai a permitir coñecer os belos bosques e a bonita contorna que atesoura o río Sarria ao seu paso polo devandito pobo, nun percorrido curto e sen dificultades. Iníciase no Paseo do Malecón, na confluencia coa rúa Calvo Sotelo, seguindo o curso do río Sarria. Deseguida atópase o cartel do roteiro e continuarase bordeando o río ata un cruce no

que haberá que desviarse cara ó interior para enlazar cun bonito camiño entre árbores.

De novo chégase ao río Sarria e xa se internan en fermosos bosques podendo contemplar presas, muíños, pasando en ocasións por zonas de escaleiras e pasarelas.

Ao chegar un punto haberá que cruzar o río por unha ponte de madeira e regresar polo outro lado, por un precioso carreiro con pasarelas ata unha ferverza, e seguir ata contactar de novo co Paseo do Malecón onde se iniciou o roteiro.

Este roteiro ten como protagonista ao río Sarria, tamén chamado Oribio, e é un afluente do río Neira e este, a súa vez, do río Miño. O río Sarria, topónimo que significa "corrente fluvial", da seu nome ao concello, comarca e condado, a unha xurisdición, a un marquesado, a dos mosteiros, a un partido xudicial, a unha terra, a unha vila e varias parroquias.

Ten 57 quilómetros de lonxitude e ocupa unha superficie de 309 km<sup>2</sup>. Fórmase coas augas que descenden polos montes de Meda, Orbio e Abela. No Concello de Triacastela, e despois de atravesar o concello de Samos, entra a Sarria, deixa e fai de límite entre Páramo e Láncara, onde se une ao río Neira na vila de Pobra de San Xiao.

A cunca do río é moi ampla e ocupa, tódalas parroquias de Triacastela, a maior parte de Samos e Sarria, algunhas de Láncara, dúas do Páramo e unha pequena parte do Incio.



## DATOS



2 horas.



7,9 km.



Dificultade  
baixa

DESCUBRE EL MEJOR  
BACALAO, AHORA EN  
SUS PRODUCTOS  
PRECOCINADOS

Bacalao con garbanzos  
Bacalao con pisto

TODO EN  
ALIMENTACIÓN

Refrigerados  
y Congelados

\* Hostelería  
\* Colegios  
\* Colectividades  
\* Panaderías  
\* Tienda Tradicional

REPRESENTACIONES  
CABARCOS